



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de xullo de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dezasete de xullo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(546).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de xullo de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(547).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓNS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR QUE APROBAN AS LIQUIDACIÓNS DOS CENTROS DE DÍA DE TEIS (ATALAIA), COIA E VALADARES, DOS EXERCICIOS 2018, 2019 E 1º SEMESTRE 2020. EXPTE. 203494/301.

Dáse conta do informe-proposta do 10/07/2020, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e pola letrada titular da Asesoría Xurídica Municipal, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tiveron entrada no Rexistro deste Concello, nas datas que se indican, as seguintes liquidacións definitivas remitidas pola Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB), correspondentes ós Centros de Día de Teis (Atalaia), Coia e Valadares:

EXERCICIO: 2018						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
62/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	COIA	1º semestre 2018	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
36/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	TEIS	1º semestre 2018	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
63/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	VALADARES	1º semestre 2018	51.250€ (41 prazas x 1.250€/praza)
424/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	COIA	2º semestre 2018	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
398/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	TEIS	2º semestre 2018	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
425/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	VALADARES	2º semestre 2018	51.250€ (41 prazas x 1.250€/praza)

EXERCICIO: 2019						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
224/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	COIA	1º semestre 2019	79.375€ (63,5 prazas x 1.250€/praza)
198/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	TEIS	1º semestre 2019	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)



Concello de Vigo

225/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	VALADARES	1º semestre 2019	50.000€ (40 prazas x 1.250€/praza)
637/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	COIA	2º semestre 2019	79.375€ (63,5 prazas x 1.250€/praza)
611/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	TEIS	2º semestre 2019	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
638/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	VALADARES	2º semestre 2019	50.000€ (40 prazas x 1.250€/praza)

EXERCICIO: 2020						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
181/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	TEIS	1º semestre 2020	31.250€ (25 prazas x 1.250€/praza)
207/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	COIA	1º semestre 2020	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
208/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	VALADARES	1º semestre 2020	53.750€ (43 prazas x 1.250€/praza)

I.2. Tal como se informa nas comunicacións remitidas polo Sr. Xerente do Consorcio, de non efectuarse o pagamento de forma voluntaria (prazo: 3 meses), «a *débeda contraída* poderá ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local ao ter as cantidades que corresponda aboar ao Concello derivadas do réxime de cofinanciamento previsto no artigo 69 da Lei 2/2017, a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles».

I.3. Segundo tamén se expresa nas correspondentes notificacións, contra esas Resolucións do Xerente do Consorcio, que esgotan a vía administrativa, cabe formular potestativamente o requirimento previo de anulación/revogación perante ese mesmo órgano no prazo de dous (2) meses ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do CA do TSXG (Art. 10.1.g] LRXCA).

II. DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

II.1. No Expediente nº 11220/111 da Asesoría Xurídica Municipal (conexo co nº 146526/301 de Benestar Social) tramitouse perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o Recurso Contencioso-Administrativo interposto por este Concello mediante acordo da XGL do 17.01.2018 contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017].

II.2. Solicitada pola Asesoría Xurídica Municipal a acumulación da Resolución da 2ª liquidación ó referido RCA, que se tramitou como procedemento ordinario PO 42/2018 pola Sección 1ª da Sala do CA do TSXG, tal pedimento foi desestimado mediante Providencia do 18.06.2018, o que determinou a necesidade de interpoñer un RCA diferenciado a respecto desa nova Resolución e así foi acordado pola XGL do 12.07.2018, que decidiu impugnar en vía contencioso-administrativa a “2ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DÍA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 630/2017, 605/2017 e 631/2017].

II.3. Por STSX de Galicia nº 90/2020 do 06.02.2020, ditada no RCA n.º 4050/2019 e notificada o 17.02.2020, foi desestimado o recurso presentado polo Concello de Vigo. Contra esta sentenza, que aínda non é firme, preparouse pola Asesoría xurídica municipal, mediante escrito do seu Letrado de data 19.05.2020, recurso de casación perante o Tribunal Supremo. Dado que este recurso está aínda en trámite, carecemos dun criterio firme a respecto da cuestión.

II.4. Por congruencia e por entender que as Resolucións obxecto de controversia e a normativa autonómica na que se pretenden abeirar (L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación) constitúen unha infracción da lexislación estatal de Réxime local en materia de distribución de competencias e da propia lexislación sectorial autonómica reguladora dos Servizos sociais, ademais dunha grave vulneración da garantía institucional da autonomía local na súa vertente financeira (Art. 142 CE, LO.2/2012, etc.), considérase xustificada e conforme a Dereito a interposición agora de recurso contencioso – administrativo contra as Resolucións do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, relacionadas anteriormente, de datas 19.02.2020, 20.02.2020, 24.02.2020 e 23.04.2020 polas que se aprobaron as liquidacións correspondentes ós Centros de día de Coia, Teis (Atalaia) e Valadares dos exercicios de 2018, 2019 e 1º semestre de 2020.

II.5. Tales Resolucións administrativas, notificadas a este Concello en datas 24.02.2020, 26.02.2020 e 27.04.2020, poderían seren aínda impugnadas en prazo en vía xurisdiccional contenciosa tendo en conta a suspensión de prazos (administrativos e procesais) establecida en virtude do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Disp. Adic. 2ª e 3ª). Dita suspensión estivo vixente desde o mesmo 14 de marzo (Disp. Final 3ª) ata o 1 de xuño para os prazos administrativos e ata o 4 de xuño para os procesais (Arts. 8 e 9 RD.537/2020), computados estes últimos de acordo co disposto no Art. 2 do RDL.16/2020, do 28 de abril, que dispuxo o reinicio (e non a reanudación) dos mesmos.

II.6. Dase por emitido polo Asesor xurídico adxunto da Área de Benestar social, nos termos recollidos neste informe-proposta, o informe xurídico previsto nos Arts. 54.3 do TRRL e 221.1 do ROF, segundo os que os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das Entidades Locais deberán adoptarse previo ditame do Secretario ou, de ser o caso, da Asesoría xurídica e, en defecto destes, dun Letrado.

II.7. É competente para acordar da interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, segundo o previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015) de



Concello de Vigo

delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Interpoñer recurso contencioso – administrativo contra as Resolucións do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de datas 19.02.2020, 20.02.2020, 24.02.2020 e 23.04.2020 polas que se aprobaron as liquidacións correspondentes ós Centros de día de Coia, Teis (Atalaia) e Valadares dos exercicios de 2018, 2019 e 1º semestre de 2020:

EXERCICIO: 2018						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
62/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	COIA	1º semestre 2018	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
36/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	TEIS	1º semestre 2018	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
63/2018	20.02.2020	24.02.2020	200030691	VALADARES	1º semestre 2018	51.250€ (41 prazas x 1.250€/praza)
424/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	COIA	2º semestre 2018	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
398/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	TEIS	2º semestre 2018	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
425/2018	19.02.2020	24.02.2020	200030696	VALADARES	2º semestre 2018	51.250€ (41 prazas x 1.250€/praza)

EXERCICIO: 2019						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
224/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	COIA	1º semestre 2019	79.375€ (63,5 prazas x 1.250€/praza)
198/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	TEIS	1º semestre 2019	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
225/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032018	VALADARES	1º semestre 2019	50.000€ (40 prazas x 1.250€/praza)
637/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	COIA	2º semestre 2019	79.375€ (63,5 prazas x 1.250€/praza)
611/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	TEIS	2º semestre 2019	27.500€ (22 prazas x 1.250€/praza)
638/2019	24.02.2020	26.02.2020	200032023	VALADARES	2º semestre 2019	50.000€ (40 prazas x 1.250€/praza)

EXERCICIO: 2020						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
181/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	TEIS	1º semestre 2020	31.250€ (25 prazas x 1.250€/praza)
207/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	COIA	1º semestre 2020	86.250€ (69 prazas x 1.250€/praza)
208/2020	23.04.2020	27.04.2020	200051825	VALADARES	1º semestre 2020	53.750€ (43 prazas x 1.250€/praza)

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo e do expediente administrativo de referencia (Exp. nº 203494/301) á Asesoría xurídica municipal para os efectos indicados».

Con todo, a Xunta de Goberno Local, co seu superior criterio, resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(548).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDIO DIAGNÓSTICO DE ANÁLISE E VALORACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DO CADRO DE PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34078/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2020, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 09/07/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación simplificada de servizos de consultoría e asistencia especializada para a realización de estudo de análise e valoración de postos de traballo na policía local (expediente administrativo nº 34.078/220) cun orzamento base de licitación de 16.171,65 euros (dos que 13.365,00 euros correspondían ao prezo base e 2.806,65 ao IVE) para toda a duración do contrato.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 29/01/2020 (trámite 224 do expediente).

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de 16.171,65 euros (dos que 13.365,00 euros correspondían ao prezo base e 2.806,65 ao IVE) para toda a duración do contrato.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 92012270600-"Estudios e traballos técnicos da Área de RRHH e Formación" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 22 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L. (B-07.207.160), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L., o día 22 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida o 1 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L., de conformidade co informe de valoración dos criterios de xuízo de valor de data 12 de xuño de 2020 e do informe de ampliación do 17 de xuño e do acordo da Mesa de Contratación de data 18 de xuño polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a RODRÍGUEZ VIÑALS, S.L. (B-07.207.160) o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos para a realización dun estudo diagnóstico de análise e valoración dos postos de traballo do cadro de persoal da Policía local (34.078-220) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 14.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.520,00 euros.*
- 2. Acredita que os medios persoais á adscribir á execución do contrato teñen formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos a maiores da esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP:*

- Formación universitaria especializada:

- a) Técnico 1: si*
- b) Técnico 2: si*

- Formación non universitaria especializada de ata 50 h:

- a) Técnico 1: si*
- b) Técnico 2: si*

- Formación non universitaria especializada de ata 100 h:

- a) Técnico 1: si*

- *Formación non universitaria especializada superior a 100 h:*

a) *Técnico 1: si*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(549).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”. EXPTE. 360/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2020, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 09/07/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (360-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (360-441)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 10.01.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 28.01.2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (400.868,16 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 69.572,16 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539.619.0003 (DUSI PORTA DO SOL, OT4/OT6).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	128.500,00 €
2021	272.368,16 €
TOTAL	400.868,16 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 211,96%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de xuño de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento ao ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (360-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE G.O.C., S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	95,20
2	UTE INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L.	91,83
3	PROYFE-ZUBIA UTE	86,88
4	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	86,36
5	UTE GALAICONTROL, S.L.-GPO INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L.U.	86,08
6	UTE AQUATICA-INGENIA	84,05
7	GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.	82,00
8	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	78,35
9	UTE NOEGA, S.L. - TEMHA, S.L.	73,12
10	DIAGRAMA INGENIERIA GALICIA, S.L.	56,80

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o día 22 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida nas datas 6 e 7 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 25 de maio e 11 de xuño de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión deste procedemento de ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a UTE G.O.C., S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (360-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 308.394,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 53.523,08 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(550).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DE PATRIMONIO HISTÓRICO (XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO E TORALLA E EDIFICACIÓN DE VILLA SOLITA). EXPTE. 9568/307.

Visto o informe de fiscalización do 13/07/2020, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 09/07/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:



Concello de Vigo

1º.- Aprobado o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DEPENDENTES DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

2º.- Aprobado o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 14 de febreiro de 2020.

3º.- Aprobado o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 4 de marzo de 2020.

4º.- Autorizar o gasto:

- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 80.813,66 euros
- IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 14.025,51 euros
- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 66.788,15 euros
- ANUALIDADES CON IVE:

Ano 2020: 26.937,89 euros.

Ano 2021: 40.406,83 euros.

Ano 2022: 13.468,94 euros.

Aplicacións orzamentarias: 3360.2279900 Coordinación e divulgación pat. arqueolóxico e 3360.2269902 Outras actividades

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	96,50
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	55,93

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o día 22 de xuño de 2020, que presenta a documentación requirida 1 de xullo, dentro do prazo concedido.

Consta no expediente informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico de data 9 de xullo de 2020 en relación coa solvencia técnica de VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor e co informe de valoración dos criterios avaliados a través de fórmula de datas 8 e 12 de xuño de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Aadxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 76.230,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.230,04 euros.*
- 2. Propón 50 horas anuais a maiores do mínimo esixido na cláusula IV do PPT (1.500 horas anuais para O Castro e CIMR e Vila Romana de Toralla e 40 horas anuais para Villa Solita) de apertura dos tres equipamentos, fóra do horario habitual, e sen custo para o Concello.*
- 3. Comprométese a deseñar, realizar e valorar estudos de público usuario dos equipamentos de acordo co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(551).- REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 6452/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020)

- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 11 de abril de 2019, adxudicou a CLECE, S.A. o contrato de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (lotes 1 e 2 do expediente 21847/332).

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse o 31 de maio de 2019, iniciándose as prestacións o 1 de xuño por un prazo de catro anos, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta



Concello de Vigo

Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas do que adxudicataria Clece, SA como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Octavo.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Noveno.- En data 9 de xullo de 2020, a xefa do Servizo de Educación informa o seguinte:

“ASUNTO: INFORME EN RELACIÓN CO ALZAMENTO DA SUSPENSIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS.

1. Tipo de contratos e formalización.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 11 de abril de 2019, adxudicou a CLECE SA o contrato de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (lotes 1 e 2 do expediente 21847/332).

2. O obxecto dos contratos conforme ao correspondentes PCAP é a xestión parcial das escolas infantís municipais, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a

coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos nestes pregos e nos de prescricións técnicas.

3. Prestacións e obxectivos que abarca o obxecto dos contratos.

De conformidade cos PCAP, estes dispositivos procuran os seguintes obxectivos:

- Proporcionar aos nenos e nenas unha atención integral sen distinción de raza, nacionalidade, sexo, relixión, lingua ou condición social, garantindo o seu pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral.*
- Fomentar a educación baseada nos principios e valores de tolerancia, solidariedade, igualdade, coeducación, cooperación e respecto aos demais e ao contorno, facilitando deste xeito o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos.*
- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, así como a aprendizaxe de habilidades sociais, afectivas e cognitivas.*
- Promover a participación activa de todos os sectores que forman a comunidade educativa.*
- Facilitar a integración progresiva dos nenos e nenas na súa cultura e no seu medio.*
- Prestar especial atención á diversidade dos nenos e nenas, respectando as diferenzas físicas, intelectuais ou culturais que existen entre eles, facilitando a súa integración.*
- Servir de reforzo e apoio ás familias traballadoras da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar.*

4. Declaración de imposibilidade de execución do contrato e suspensión do contrato.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas do que adxudicataria Clece, SA como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

5. Proposta de levantamento da suspensión do contrato e reanudación da prestación.

O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, regula no artigo 34 a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades



Concello de Vigo

pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

A Resolución da alcaldía de 11 de maio de 2020, pola que se acorda instar ás Concellerías Delegadas de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Segundo a convocatoria para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais para o curso 2020-2021 o curso escolar comezará o día 3 de setembro de 2020. Para que na data indicada poida iniciarse o curso é necesario levantar a suspensión do contrato acordada pola Xunta de Goberno Local xa que corresponde a empresa adxudicataria organizar tódolos aspectos que abarca a xestión educativa da escola elaborando os programas e recursos educativos e a programación das actividades a desenvolver, así mesmo, procede executar o resto de prestacións do contrato entre outras, a limpeza e desinfección das instalacións, adecuación física dos espazos, colaboración co servizo de Educación na atención ás persoas usuarias durante o periodo final do proceso de admisión e matrícula (día 17/07 publicación de Listas Definitivas e do 20 ao 28/07, formalización da matrícula), atención a persoas usuarias. Compre ter en conta que durante o mes de agosto a escola permanece pechada polo que todas as prestacións do contrato necesarias para a preparación do curso e que o mesmo comence na data prevista, 3 de setembro, teñen que executarse na segunda quincena de xullo. Exceptúase o levantamento da suspensión da execución das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos que si teñen que levantarse en data 1 de setembro de 2020.

Data efectiva da reanudación: 16 de xullo de 2020.

De conformidade coas consideración anteriormente expostas e, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaron a prestación do servizo, cómpre informar que resulta procedente a reanudación das prestacións do contrato conforme ao exposto, de cara á xestión educativa da escola e preparación do curso 2020-2021, coa excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos por canto estes non se incorporan ata o mes de setembro. Consecuentemente todas as prestacións teñen que reanudarse o día 1 de setembro de 2020 para que o curso poida desenvolverse adecuadamente”.

Décimo.- O 14 de xullo publícase na Intranet anuncio asinado pola secretaria do Goberno local no que comunica o cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local, convocada para o día 16 de xullo de 2020, que terá lugar o 17 de xullo “por motivos de organización”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, acordouse a suspensión, entre outros, das escolas infantís, con efectos desde o luns 16 de marzo de 2020.

Consonte a resolución da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acórdase o peche ao público dunha serie de instalacións municipais, entre elas, as escolas infantís.

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor informa que ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaron a prestación do servizo, resulta procedente a reanudación das prestacións do contrato de cara á xestión educativa da escola e preparación do curso 2020-2021, coa excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos por canto estes non se incorporan ata o mes de setembro. Consecuentemente todas as prestacións teñen que reanudarse o día 1 de setembro de 2020 para que o curso poida desenvolverse adecuadamente.

En consecuencia e, de conformidade cos informes obrantes no expediente, así como do anuncio de cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local que pasa do 16 ao 17 de xullo de 2020, procede acordar a reanudación da execución do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Tomás Alonso e Bouzas (expte. 21847/332), o venres día



Concello de Vigo

17 de xullo de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, agás as prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS (EXPTE. 21847/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(552).- REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE CONTRATO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, COSTEIRA-SAIANS, NAVIA, MESTRES GOLDAR-CASTRELOS E SANTA MARTA-CASCO VELLO. EXPTE. 6456/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020)
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, adxudicou a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. os seguintes contratos relacionados coa xestión de escolas infantís:

1. Xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16.774-332), adxudicado na sesión do 15 de marzo de 2016. Este contrato formalizouse o 7 de abril, iniciándose a prestación ao día seguinte.
2. Xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17.043-332), adxudicado na sesión do 15 de marzo de 2016. Este contrato formalizouse o 7 de abril, iniciándose a prestación ao día seguinte.
3. Xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado na sesión do 18 de maio de 2017. Este contrato formalizouse o 12 de xuño, iniciándose a prestación o día 16 de xuño.
4. Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17.066-332), adxudicados na sesión do 27 de novembro de 2015. Ambos contratos se formalizaron o 22 de decembro de 2015, iniciándose as prestacións o día 1 de xaneiro de 2016.



Concello de Vigo

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Acumular as solicitudes de declaración de imposibilidade de execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito de data 25 de marzo de 2020 relativas aos seguintes procedementos:

- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrellos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*
- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*

- *Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- *Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

2º.-Declarar a imposibilidade total de execución do contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

3º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Octavo.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Noveno.- En data 9 de xullo de 2020, a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade do concelleiro delegado, informa o seguinte:

“ASUNTO: INFORME EN RELACIÓN CO ALZAMENTO DA SUSPENSIÓN DOS CONTRATOS DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, COSTEIRA-SAIANS, NAVIA, MESTRES GOLDAR-CASTRELOS E SANTA MARTA-CASCO VELLO.

1. Tipo de contratos e formalización.

A Xunta de Goberno Local, adxudicou a Colegio Los Milagros SL, os contratos de xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns (lotes 1 e 2 do expediente 17066/332) na súa sesión do 27 de novembro de 2015; na sesión do 15 de marzo de 2016, o contrato de xestión da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043/332); na sesión do 15 de marzo de 2016, o contrato de xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774/332) e, finalmente, na sesión do 17 de maio de 2017, o contrato de xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (expediente 17500-332).

2. O obxecto dos contratos conforme ao correspondentes PCAP é a xestión parcial das escolas infantís municipais, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a



Concello de Vigo

coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos nestes pregos e nos de prescricións técnicas.

3. Prestacións e obxectivos que abarca o obxecto dos contratos.

De conformidade cos PCAP, estes dispositivos procuran os seguintes obxectivos:

- *Proporcionar aos nenos e nenas unha atención integral sen distinción de raza, nacionalidade, sexo, relixión, lingua ou condición social, garantindo o seu pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral.*
- *Fomentar a educación baseada nos principios e valores de tolerancia, solidariedade, igualdade, coeducación, cooperación e respecto aos demais e ao contorno, facilitando deste xeito o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos.*
- *Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, así como a aprendizaxe de habilidades sociais, afectivas e cognitivas.*
- *Promover a participación activa de todos os sectores que forman a comunidade educativa.*
- *Facilitar a integración progresiva dos nenos e nenas na súa cultura e no seu medio.*
- *Prestar especial atención á diversidade dos nenos e nenas, respectando as diferenzas físicas, intelectuais ou culturais que existen entre eles, facilitando a súa integración.*
- *Servir de reforzo e apoio ás familias traballadoras da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar.*

4. Declaración de imposibilidade de execución do contrato e suspensión do contrato.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Acumular as solicitudes de declaración de imposibilidade de execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito de data 25 de marzo de 2020 relativas aos seguintes procedementos:

- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*
- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*
- *Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- *Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

2º.-Declarar a imposibilidade total de execución do contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

3º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

5. Proposta de levantamento da suspensión do contrato e reanudación da prestación.

O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, regula no artigo 34 a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Resolución da alcaldía de 11 de maio de 2020, pola que se acorda instar ás Concellerías Delegadas de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Segundo a convocatoria para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais para o curso 2020-2021 o curso escolar comezará o día 3 de setembro de 2020. Para que na data indicada poida iniciarse o curso é necesario levantar a suspensión dos contratos acordada pola Xunta de Goberno Local xa que corresponde á empresa adxudicataria organizar tódolos aspectos que abarca a xestión educativa das escolas elaborando os programas e recursos educativos e a programación das actividades a desenvolver, así mesmo, procede executar o resto de prestacións dos contratos entre outras, a limpeza e desinfección das instalacións, adecuación física dos espazos, colaboración co servizo de Educación na atención ás persoas usuarias durante o periodo final do proceso de admisión e matrícula (día 17/07 publicación de Listas Definitivas e do 20 ao 28/07, formalización da matrícula), atención a persoas usuarias. Compre ter en conta que durante o mes de agosto as escolas permanecen pechadas polo que todas as prestacións dos contratos necesarias para a preparación do curso e que o mesmo comence na data prevista, 3 de setembro, teñen que executarse na segunda quincena de xullo. Exceptúase o levantamento da suspensión da execución das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos que sí teñen que levantarse en data 1 de setembro de 2020.

Data efectiva da reanudación: 16 de xullo de 2020.

De conformidade coas consideracións anteriormente expostas e, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaron a prestación do servizo, cómpre informar que resulta procedente a reanudación das prestacións dos contratos conforme ao exposto,



Concello de Vigo

de cara á xestión educativa das escolas e preparación do curso 2020-2021, coa excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, por canto estes non se incorporan ata o mes de setembro. Consecuentemente todas as prestacións teñen que reanudarse o día 1 de setembro de 2020 para que o curso poida desenvolverse adecuadamente”.

Décimo.- O 14 de xullo publícase na Intranet anuncio asinado pola secretaria do Goberno local no que comunica o cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local, convocada para o día 16 de xullo de 2020, que terá lugar o 17 de xullo “*por motivos de organización*”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, acordouse a suspensión, entre outros, das escolas infantís, con efectos desde o luns 16 de marzo de 2020.

Consonte a resolución da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acórdase o peche ao público dunha serie de instalacións municipais, entre elas, as escolas infantís.

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas

oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor informa que ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaron a prestación do servizo, resulta procedente a reanudación das prestacións dos contratos de cara á xestión educativa da escola e preparación do curso 2020-2021, coa excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos por canto estes non se incorporan ata o mes de setembro. Consecuentemente todas as prestacións teñen que reanudarse o día 1 de setembro de 2020 para que o curso poida desenvolverse adecuadamente.

En consecuencia e, de conformidade cos informes obrantes no expediente, así como do anuncio de cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local que pasa do 16 ao 17 de xullo de 2020, procede acordar a reanudación da execución dos seguintes contratos o venres 17 de xullo de 2020, agás as prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos.

1. Xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16.774-332)
2. Xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17.043-332)
3. Xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332)
4. Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17.066-332)

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Reanudar a execución parcial dos seguintes contratos o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro:

- *Xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16.774-332)*
- *Xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17.043-332)*
- *Xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332)*
- *Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17.066-332)*



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(553).- REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE CONTRATO DE XESTIÓN NA ESCOLA INFANTÍL MUNICIPAL DE ATALAYA-TEIS. EXPTE. 6463/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020)
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de novembro de 2015, adxudicou a Aurora, Pilar y Ana, S.L. o lote 3 (EIM Atalaia-Teis) do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17.066/332).

O contrato formalizouse o 22 de decembro de 2015, iniciándose as prestacións o 1 de xaneiro de 2016 por un prazo de catro anos.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.



Concello de Vigo

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de execución do contrato de xestión da escola infantil municipal atalaia-teis (expediente 17066-332) formalizado con Aurora, Pilar y Ana SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Octavo.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Noveno.- En data 9 de xullo de 2020, a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade do concelleiro delegado, informa o seguinte:

“ASUNTO: INFORME EN RELACIÓN CO ALZAMENTO DA SUSPENSIÓN DOS CONTRATOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTÍL MUNICIPAL DE ATALAIA-TEIS.

1. Tipo de contratos e formalización.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de novembro de 2015, adxudicou a Aurora, Pilar y Ana SL o contrato de xestión da escola infantil municipal de Atalaia-Teis (lote 3 do expediente 17066/332).

2. O obxecto dos contratos conforme ao correspondentes PCAP é a xestión parcial das escolas infantís municipais, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos nestes pregos e nos de prescricións técnicas.

3. Prestacións e obxectivos que abarca o obxecto dos contratos.

De conformidade cos PCAP, estes dispositivos procuran os seguintes obxectivos:

- *Proporcionar aos nenos e nenas unha atención integral sen distinción de raza, nacionalidade, sexo, relixión, lingua ou condición social, garantindo o seu pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral.*
- *Fomentar a educación baseada nos principios e valores de tolerancia, solidariedade, igualdade, coeducación, cooperación e respecto aos demais e ao contorno, facilitando deste xeito o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos.*
- *Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, así como a aprendizaxe de habilidades sociais, afectivas e cognitivas.*

- *Promover a participación activa de todos os sectores que forman a comunidade educativa.*
- *Facilitar a integración progresiva dos nenos e nenas na súa cultura e no seu medio.*
- *Prestar especial atención á diversidade dos nenos e nenas, respectando as diferenzas físicas, intelectuais ou culturais que existen entre eles, facilitando a súa integración.*
- *Servir de reforzo e apoio ás familias traballadoras da cidade co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar.*

4. Declaración de imposibilidade de execución do contrato e suspensión do contrato.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de execución do contrato de xestión da escola infantil municipal atalaia-teis (expediente 17066-332) formalizado con Aurora, Pilar y Ana SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

5. Proposta de levantamento da suspensión do contrato e reanudación da prestación.

O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, regula no artigo 34 a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Resolución da alcaldía de 11 de maio de 2020, pola que se acorda instar ás Concellerías Delegadas de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Segundo a convocatoria para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais para o curso 2020-2021 o curso escolar comezará o día 3 de setembro de 2020. Para que na data indicada poida iniciarse o curso é necesario levantar a suspensión do contrato acordada pola Xunta de Goberno Local xa que corresponde a empresa adxudicataria organizar tódolos aspectos que abarca a xestión educativa da escola elaborando os programas e recursos educativos e a programación das actividades a desenvolver, así mesmo, procede executar o resto de prestacións do contrato entre outras,



Concello de Vigo

a limpeza e desinfección das instalacións, adecuación física dos espazos, colaboración co servizo de Educación na atención ás persoas usuarias durante o periodo final do proceso de admisión e matrícula (día 17/07 publicación de Listas Definitivas e do 20 ao 28/07, formalización da matrícula), atención a persoas usuarias. Compre ter en conta que durante o mes de agosto a escola permanece pechada polo que todas as prestacións do contrato necesarias para a preparación do curso e que o mesmo comence na data prevista, 3 de setembro, teñen que executarse na segunda quincena de xullo. Exceptúase o levantamento da suspensión da execución das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos que si teñen que levantarse en data 1 de setembro de 2020.

Data efectiva da reanudación: 16 de xullo de 2020.

De conformidade coas consideración anteriormente expostas e, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaron a prestación do servizo, cómpre informar que resulta procedente a reanudación das prestacións do contrato conforme ao exposto, de cara á xestión educativa da escola e preparación do curso 2020-2021, coa excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, por canto estes non se incorporan ata o mes de setembro. Consecuentemente todas as prestacións teñen que reanudarse o día 1 de setembro de 2020 para que o curso poida desenvolverse adecuadamente”.

Décimo.- O 14 de xullo publícase na Intranet anuncio asinado pola secretaria do Goberno local no que comunica o cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local, convocada para o día 16 de xullo de 2020, que terá lugar o 17 de xullo “*por motivos de organización*”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUCENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, acordouse a suspensión, entre outros, das escolas infantís, con efectos desde o luns 16 de marzo de 2020.

Consonte a resolución da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acórdase o peche ao público dunha serie de instalacións municipais, entre elas, as escolas infantís.

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor informa que ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaron a prestación do servizo, resulta procedente a reanudación das prestacións do contrato de cara á xestión educativa da escola e preparación do curso 2020-2021, coa excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos por canto estes non se incorporan ata o mes de setembro. Consecuentemente todas as prestacións teñen que reanudarse o día 1 de setembro de 2020 para que o curso poida desenvolverse adecuadamente.

En consecuencia e, de conformidade cos informes obrantes no expediente, así como do anuncio de cambio de data da sesión ordinaria da Xunta de Goberno local que pasa do 16 ao 17 de xullo de 2020, procede acordar a reanudación da execución do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17.066/332) o venres 17 de xullo de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, agás as prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS (EXPEDIENTE 17.066/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro.”



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(554).- REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS ÁREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 6476/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020)
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19
- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de

situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 7 de maio de 2018, adxudicou a SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. o o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611).

O contrato formalizouse o 31 de maio de 2018, iniciándose a prestación o 1 de xuño por un prazo de catro anos, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.



Concello de Vigo

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 11 de xuño de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato de servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611), formalizado con SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, nos seguintes termos:

- a) *Redución do contrato ao 39% do seu prezo mensual, aplicándose un total de 170,04 horas de servizo semanais, sendo o importe mensual a facturar mentres se manteña dita situación de 13.007,13 euros.*
- b) *Centro de emerxencia do Berbés: aplicaranse 120 horas de servizo semanal.*
- c) *Complexo deportivo das Travesas: 10 horas semanais.*
- d) *Tarefas preventivas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización no resto de instalacións que garantan unhas condicións mínimas de salubridade e eviten o deterioro: 40,04 horas semanais, aplicándose de modo rotatorio nas instalacións, de tal xeito que semanalmente se poida actuar en todas as instalacións. Deberá terse en conta a aplicación daquelas tarefas xa periodificadas no PPT, semanais, mensuais e trimestrais.*

2º.- A suspensión terá efectos desde o 21 de abril de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Octavo.- A resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo, recolle as medidas de prevención nas instalacións deportivas no punto 3.20 e seguintes do seu anexo.

Noveno.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Décimo.- En data 11 de xullo de 2020, o adxunto ao xefe do Servizo de Deportes-director técnico informa o seguinte:

“ASUNTO: LEVANTAMENTO DA DECLARACION DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DO CONTRATO, “SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. SUSPENDIDA NO EXPTE:6476-241

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de xuño de 2020, se declara a SUSPENSIÓN PARCIAL DO CONTRATO, “SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. SUSPENDIDA a mercantil “Sociedad para el tratamiento de aguas residuales SLU”- STAR CIF B-36.813.517.

En dito acordo apróbbase:

1º Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato de servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas (1.537-611) formalizado coa “Sociedad para el tratamiento de aguas residuales SLU”- STAR CIF B-36.813.517 como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID 19 nos seguintes termos.

a) Reducción do contrato, ao 39% do valor do prezo mensual do contrato. Aplicándose un total de 170,04 horas de servizo semanais, as cales incluiran todos os custos para o seu desenvolvemento. Ata o restablecemento total do servizo, ou coa incorporacións proporcionais, segundo se active a actividade, como consecuencia da finalización das medidas derivadas do estado de Alarma.

b) Prestar o servizo no Complexo deportivo do Berbés, convertido en CENTRO DE EMERXENCIA aplicándose 120 horas de servizo semanal.

c) Prestar servizo no Complexo deportivo das Travesas 10 horas semanais para cubrir as necesidades de limpeza en espazos comúns, aseos e outros espazos necesarios, ao manterse activo o servizo de mantemento da Concellería de Deportes.

d) Tarefas preventivas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización no resto de instalacións que garantan unhas condicións mínimas de salubridade e eviten o deterioro 40,04 horas semanais, aplicándose de modo rotatorio nas instalacións, de modo que



Concello de Vigo

semanalmente se poida actuar en todas as instalacións. Deberá terse en conta a aplicación daquelas tarefas xa periodificadas no PPT, semanais, mensuais e trimestrais.

2º A suspensión parcial terá efectos dende o 21 de abril de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.

O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».

O DOG de data 13.06.2020 publicou a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica

1.- Normativa de aplicación ó estado de situación xerada polo COVID-19.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).*
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.*
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLRSP).*
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).*
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

- *Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).*
- *Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.*
- *Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.*
- *R.D 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma, artigo 3 de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade a vista da evolución de indicadores.*
- *O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo paquete de medidas do Covid-19, ínstase no su apartado primeiro, ás concellería Ddas. De Goberno a que procedan a adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.*
- *Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición hacia unha nova normalidade.*
- *Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo*

2.- O obxecto do contrato recollido no PPT e no PCAP, punto 2.A das FEC é o seguinte.

A prestación de servizos:



Concello de Vigo

- **OBXECTO DO CONTRATO:** Os servizos de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas.

3.- Duración e formalización do contrato entrada en vigor e desenvolvemento.

- O contrato ten unha duración de 4 anos mais dúas prórrogas dun ano.
- O contrato formalízase o 31 de maio de 2018, entrando en vigor o 1 de xuño de 2018.
- O contrato desenvólvese a través dun importe fixo que se factura mensualmente. Este concepto fixo inclúe os servizos de limpeza das instalacións, a aplicación dos procesos das tres DDD, desinfección, desinsectación e desratización das instalacións, así coma a retirada das illas ecolóxicas e os contedores fitosanitarios.

4.- Necesidade de levantamento da declaración de imposibilidade parcial de execución do contrato recollida no acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de xuño do 2020.

Atendendo a orde SND 458/220, e a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo propónse ó levantamento da suspensión recollida no punto 1 apartado segundo, o considerarse que se dan as condicións para a prestación do servizo.

Polo exposto propónse ó servizo de contratación:

1.- **LEVANTAMENTO DA DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE PARCIAL DO CONTRATO, "SERVIZO DE LIMPEZA DAS AREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. SUSPENDIDA NO EXPTE:6476-241 a mercantil "Sociedad para el tratamiento de aguas residuales SLU"-STAR CIF B-36.813.517.", dende o venres 17 de xullo incluído".**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña

imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, acordouse a suspensión, entre outros, das escolas infantís, con efectos desde o luns 16 de marzo de 2020.

Consonte a resolución da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acórdase o peche ao público dunha serie de instalacións municipais, entre elas, *“todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas”*.

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor informa que *“atendendo a orde SND 458/220, e a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo proponse ó levantamento da suspensión recollida no punto 1 apartado segundo, o considerarse que se dan as condicións para a prestación do servizo”.*

En consecuencia e, de conformidade cos informes obrantes no expediente, procede acordar a reanudación da execución da parte do contrato de servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da concellería de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (expte. 1.537/611) que quedara suspendida por acordo do 11 de xuño de 2020, o venres 17 de xullo de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Reanudar a execución da parte do contrato do SERVIZO DE LIMPEZA DAS ÁREAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (expte. 1.537/611) que fora suspendida mediante acordo do 11 de xuño de 2020, o venres día 17 de xullo de 2020.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(555).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2018-2020 COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6483/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Orden TMA/254/2020, de 18 de marzo, pola que se ditan instrucións en materia de transporte por carreteira e aéreo.
- Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, pola que se establecen criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes no imprescindibles desde

terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

- Orden TMA/273/2020, de 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Segundo.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Terceiro.- A Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, estableceu criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Cuarto.- A Orden TMA/273/2020, de 23 de marzo, ditou instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros.

Quinto.- O Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dous apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sexto.- En data 26 de maio de 2020, D. Alberto José Herrero Pons, en representación de AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U. (en adiante AIR NOSTRUM), empresa adxudicataria do contrato de promoción turística de cidade de Vigo 2018-2020 (7.087-104) por acordo da Xunta de Goberno local do 4 de xuño de 2018, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de declaración de imposibilidade de execución deste contrato consecuencia do coronavirus COVID-19.

Este contrato formalizouse o 16 de xullo de 2018, iniciándose a prestación ao día seguinte. O prazo contractual rematará o 31 de decembro de 2020.

Sétimo.- En data 16 de xuño de 2020, a xefa do Servizo de Turismo, coa conformidade da concelleira delegada, informa favorablemente a suspensión deste contrato.

Oitavo.- En data 17 de xuño de 2020 emitíuse un informe proposta denegando a solicitude de suspensión do contrato de promoción turística, recoñecendo a imposibilidade de execución do mesmo e ampliando o seu prazo execución, no que se prevía un trámite de audiencia ó contratista. Este informe notificóuselle o día seguinte.



Concello de Vigo

Noveno.- En data 26 de xuño de 2020, no prazo do trámite de audiencia, D. Carlos Manuel Bertomeu Martínez, en representación de AIR NOSTRUM, presenta escrito de alegacións prestando a súa conformidade a proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

NATUREZA DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE

O contrato de promoción turística de cidade de Vigo 2018-2020 (expediente 7.087-104) adxudicouse a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U., por acordo da Xunta de Goberno local do 4 de xuño de 2018.

Formalizouse o 16 de xullo de 2018, iniciándose a prestación ao día seguinte. O prazo contractual rematará o 31 de decembro de 2020.

Este contrato, de natureza administrativa, cualifícase como administrativo especial na cláusula 2 do PCAP.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DO CONTRATO POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

No seu artigo 7 limita a liberdade fundamental de circulación das persoas, recoñecida no artigo 19 da CE durante a vixencia do estado de alarma, constriñendoa ós supostos

autorizados no seu apartado 1 e sempre respectando as recomendacións e obrigas ditadas polas autoridades sanitarias (apartado 3).

O artigo 14 deste RD, en consonancia coa restricións impostas no artigo 7 á liberdade de circulación, establece medidas en materia de transportes.

As medidas en materia de transportes perseguen dous obxectivos:

- a) Por un lado, limitar a circulación de medios de transporte colectivos, autorizando ás autoridades a reducir a porcentaxe do servizo, se ben respectando certos límites.
- b) Por outro, adoptar medidas de hixiene e sanitarias para evitar contaxios tanto os condutores como ós usuarios.

Dispón este artigo que:

“1. En relación con todos los medios de transporte, cualquiera que sea la Administración competente sobre los mismos, se aplicará lo siguiente:

a) El Ministro de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana queda habilitado para dictar los actos y disposiciones que, en la esfera específica de su actuación, sean necesarios para establecer condiciones a los servicios de movilidad, ordinarios o extraordinarios, en orden a la protección de personas, bienes y lugares.

(...)

2. Asimismo, se adoptan las siguientes medidas aplicables al transporte interior:

a) En los servicios de transporte público de viajeros por carretera, ferroviarios, aéreo y marítimo que no están sometidos a contrato público u obligaciones de servicio público (OSP), los operadores de transporte reducirán la oferta total de operaciones en, al menos, un 50 %. Por resolución del Ministro de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana se podrá modificar este porcentaje y establecer condiciones específicas al respecto.

A Orde INT/270/2020 e a Orde TMA/273/2020 reducen o transporte aéreo e establecen restricións ó mesmo. E como dí o informe da responsable do contrato, as prestacións obxecto do contrato *“están vinculadas a uns requisitos mínimos de conectividade xa que o obxecto do contrato consiste na atracción de turistas procedentes do mercado nacional e internacional”*. Por mor das mesmas AIR NOSTRUM manifesta que a execución co contrato *“resulta imposible tanto a consecuencia de la pandemia como por las medidas adoptadas por el Estado en relación a las restricciones impuestas a la libre circulación de las personas y al transporte aéreo de pasajeros, a través de las normas urgentes que está dictando durante la vigencia del estado de alarma”*. E solicita a aplicación a este contrato de *“las medidas extraordinarias adoptadas en materia de contratación pública, en concreto las establecidas en el artículo 34.1 del Real Decreto-ley 8/2020”*.

Analizaremos a continuación este artigo.

O artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regula as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se atopa a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva (apartado



Concello de Vigo

1), de obras (apartado 3), de concesión de obras e de concesión de servizos (apartado 4) vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo. O apartado 5 estende este réxime ós contratos públicos dos sectores especiais (auga, enerxía, transportes e servizos postais), e de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais. No entanto, non se di nada con respecto á suspensión dos contratos administrativos especiais.

A suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O problema é que os ningún dos apartados que regulan a suspensión dos contratos refírese ós contratos administrativos especiais. No entanto, para resolver a situación plantexada, a imposibilidade de executar o contrato por mor da situación creada polo COVID-19, será preciso aplicar esta norma por analogía, dado que a postre, trátase dun contrato administrativo celebrado por unha entidade do sector público. E o artigo 4 do CC determina que *“Procederá la aplicación analógica de las normas cuando éstas no contemplen un supuesto específico, pero regulen otro semejante entre los que se aprecie identidad de razón”*.

No presente caso atopámonos nunha situación extraordinaria motivada pola declaración do estado de alarma polo RD 463/2020 para a cal os poderes lexislativo e executivo ditaron unha normativa específica de aplicación preferente ós supostos de feito regulados pola mesma. Neste senso, a Avogacía do Estado, na “Consulta sobre la interpretación y aplicación del artículo 34 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo”, de data 1 de abril de 2020, di que *“se trata de una norma excepcional, dictada para hacer frente a una situación que también lo es”* (apartado 2.6 do fundamento xurídico II).

E como di o artigo 3.1 do CC *“Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas”*. Tal e como determina a Exposición de motivos do RD-L 8/2020 *“Ante la situación de emergencia de salud pública y pandemia internacional, el Gobierno adoptó el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. La contención de la progresión de la enfermedad supone limitaciones temporales a la libre circulación junto con la reducción de la oferta laboral debido a las medidas de cuarentena y contención. Estas circunstancias se traducen en una perturbación conjunta de demanda y*

oferta para la economía española, que afectará a las ventas de las empresas, generando tensiones de liquidez que podrían derivar en problemas de solvencia y pérdida de empleos si no se adoptan medidas urgentes de estabilización. En este contexto, la prioridad absoluta en materia económica radica en proteger y dar soporte al tejido productivo y social para minimizar el impacto y lograr que, una vez finalizada la alarma sanitaria, se produzca lo antes posible un rebote en la actividad. las medidas adoptadas en este real decreto-ley están orientadas a un triple objetivo. Primero, reforzar la protección de los trabajadores, las familias y los colectivos vulnerables; segundo, apoyar la continuidad en la actividad productiva y el mantenimiento del empleo; y tercero, reforzar la lucha contra la enfermedad". É fácil deducir que a intención do lexislador era aplicar a normativa específica ditada durante o estado de alarma ás situacións xeradas pola mesma para minimizar o seu impacto no tecido produtivo do país, no emprego e nas familias.

Se analizamos as prestacións obxecto deste contrato, a promoción turística, co obxectivo de subsumilo nun dos supostos de feito regulados polo artigo 34, podemos concluír que o contrato administrativo típico ó que máis se parece este é o contrato de servizos. O artigo 34 regula os efectos da imposibilidade de execución dos contratos de servizos nos seus apartados 1 e 2. O apartado 1 se refire ós contratos de servizos de prestación sucesiva e o apartado 2 ós que non sexan de prestación sucesiva. Este contrato non é de prestación sucesiva, e as prestacións que abarca o seu obxecto non teñen unha cadencia lineal no tempo, senón que varían de unha a outra anualidade e dun a outro mes, polo que debemos encaixalo no apartado 2 do citado artigo, que regula a ampliación do prazo contractual dos contratos públicos de servizos e subministracións que non sexan de prestación sucesiva.

Podemos concluír que non procede suspender a execución deste contrato en aplicación do artigo 34.1 do RD-L 8/2020 como solicita ó contratista. Sen embargo, é preciso recoñecer, á vista do declarado polo contratista e informado pola responsable do contrato, que a execución deste deveu imposible por mor do COVID-19 e das medidas adoptadas polas autoridades con ocasión do mesmo, polo que analizaremos no fundamento xurídico seguinte se procede ou non aplicar o artigo 34.2.

-III-

PROCEDEMENTO PARA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

O artigo 34.2 prevé a prórroga do prazo do contrato sempre e cando concorran os seguintes **requisitos**:

- Que o contrato non perdesse a súa finalidade como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19.
- Que o contratista incorra en demora no cumprimento dos prazos previstos no contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo.
- Que o contratista ofrezca o cumprimento dos seus compromisos si amplíáselle o prazo inicial ou a prórroga en curso.

No caso que nos ocupa concorren os citados requisitos:



Concello de Vigo

- Do informe do servizo xestor e da solicitude do contratista se deduce que o contrato non perdeu a súa finalidade como consecuencia da situación xerada polo COVID-19. Informa a responsable do contrato que *“o contrato non perdeu a súa finalidade e é de interese para esta administración a súa execución, pois resulta de interese público a realización de promoción turística do destino Vigo por mor da crise económica xerada polo Covid-19”*.

De feito a responsable do contrato identifica as prestacións pendentes de execución:

ACTUACIONES PENDIENTE PERIODO COVID.19_ 16.marzo-31.dic.2020

Vinilado de fuselaje. 9,5 meses

Avión 1: 16.marzo-31.diciembre; Avión 2: 16.marzo-31.diciembre

Actuaciones de comunicación.

Acciones a bordo:

2.1.a. Voces de promoción en vuelo (€/vuelo). *Abril*

2.1.b. Utilización de soportes publicitarios dentro del avión:

1. Utilización de los cabeceros de los asientos (€/vuelo). *Abril*
2. Utilización de elementos de mayordomía (€/vuelo). *Abril*
3. Utilización de los compartimentos de equipaje (€/vuelo). *Abril*.

2.1.c. Revista a bordo.

1. Reportaje (€/mes). *Abril*

Acciones on line:

2.2.a. Publicidad a través de banners (€/mes) *16.marzo-31.dic. (9,5 meses)*

2.2.b. Enlaces en la página de *turismodevigo.org* (€/mes) *16.marzo-31.dic. (9,5 meses)*

2.2.c. Utilización de redes sociales. *10 impactos, tuits o Instagram*

2.2.d. Envío de newsletters on-line. *1 en 2020.*

Acciones offline:

2.3.a. Ruedas de prensa *(1/año)* y Notas de prensa *(1/año)*

En canto as operacións pendentes de execución son as seguintes:

- *O destino Valencia restan por operar 202 voos, que suman un total de 20.200 prazas*
- *O destino Paris restan por operar 186 voos, que suman un total de 18.600 prazas*

- *O destino Sevilla restan por operar 88 voos, que suman un total de 8.800 prazas”*
- É un feito indubitado que por mor da imposibilidade de prestar o servizo como consecuencia da normativa citada no fundamento xurídico II, o contratista incorreu en mora na execución do contrato. Así o determinan os escritos citados.
- Con respecto ó último dos requisitos, AIR NOSTRUM no seu escrito manifesta que *“la reanudación del contrato se efectuará de maneira que permitirá la adecuación de los servicios objeto del contrato a la situación de nueva normalidad, a la que se irán adaptando los sectores del transporte aéreo de pasajeros y el turismo una vez superada la crisis sanitaria del COVID-19 o durante el proceso de desescalada, cuyas medidas se van adecuando a todos los ámbitos de actividad afectados por las restricciones actuales”*.

Respecto á **duración** da prórroga determinase que o órgano de contratación poderá conceder unha prórroga do prazo da execución do contrato de, polo menos, igual ao tempo perdido, salvo que o contratista pedise outro menor. Neste intre, como aínda non cesaron as circunstancias que determinan a imposibilidade de execución do contrato non é posible determinar a duración da prórroga. Unha vez que cesen estas circunstancias o contratista deberá presentar nova solicitude concretando a duración da prórroga, o cal deberá ser informada favorablemente polo responsable do contrato.

Con relación ó **procedemento** o artigo limitase a precisar que a concesión da ampliación do prazo será expresa, e esixe como trámite preceptivo un informe previo do responsable do contrato ou, no seu caso, do servizo xestor, que determine que o atraso non é por causa imputable ao contratista, senón como consecuencia do COVID-19

Con respecto a **indemnización de gastos ó contratista**, dispón este artigo que os contratistas terán dereito ó aboamento dos gastos salariais adicionais nos que efectivamente incorresen como consecuencia do tempo perdido con motivo do COVID-19, ata un límite máximo do 10 por 100 do prezo inicial do contrato. Para proceder o abono dos mesmos deberá mediar a previa solicitude do contratista que deberá acreditar fehacientemente a súa realidade, efectividade e contía.

No caso que nos ocupa, o contratista no escrito no que solicita a suspensión renuncia á reclamación de danos e prexuízos.

Podemos concluír que procede concederlle ó contratista un prazo igual ó perdido por causa do Covid-19, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan a imposibilidade de executar o contrato, sempre que acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“1º.-Denegar a solicitude de suspensión do contrato de promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (expediente 7.087-104), solicitada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U., en escrito de data 25 de maio de 2020, por non concorrer as circunstancias esixidas no artigo 34.1 do RD-L 8/2020.

2º.- Recoñecer a imposibilidade de execución do citado contrato como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, e ampliar o prazo execución do contrato por un período igual ó tempo perdido polos motivos mencionados, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan esta imposibilidade e acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato, previo informe favorable do responsable do mesmo.

3º.- Aceptar a renuncia a indemnización de danos e prexuízos formulada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(556).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 3275/611.

Visto o informe xurídico do 03/07/2020 e o informe de fiscalización do 08/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 3/07/2020, asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Con data 20 de decembro de 2019, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para “CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACION, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE DEPORTES, corrección de data 7 de maio de 2020.

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP),

previa á resolución de inicio do expediente, de data 16 de decembro de 2019, corrección de 5 de maio de 2020.

- O contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2020, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2019 e publicado no perfil de contratante.
- O anuncio de información previa (artigo 28.4 da LCSP) de data 5 de novembro de 2019 corrección con data 5 de maio de 2020.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 8 de maio de 2020.
- Memoria xustificativa, de data 20 de febreiro de 2020, corrección de data 20 de maio de 2020.
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto/restrinxido.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 11 de maio de 2020
- Prego de cláusulas administrativas do 29 de maio de 2020



Concello de Vigo

II.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1- OBXECTO DO CONTRATO

Prestación de servizos xerais de apertura, atención público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes.

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

A Concellería de Deportes non dispón de recursos humanos suficientes para a realización da prestación do servizo de apertura, control, información, manexo de equipos e peche para a totalidade das instalacións deportivas municipais. Por elo é imprescindible para garantir a funcionalidade das instalacións que se recollen no PPT, a contratación do servizo que permita a administración garantir o servizo a cidadanía. Actualmente os recursos humanos dispoñibles solo permite cubrir 7 instalacións deportivas, das 21 que deberían aperturarse con servizos propios, debendo acudir a bolsas de emprego cada 6 meses para cubrir as necesidades mínimas do servizo cun número de 26 persoas. O déficit estrutural acada o 53% da plantilla.

Para o cumprimento da súa finalidade, é necesario que o adxudicatario do contrato dispoña de persoal adecuado coa formación, cualificación que responda ás necesidades expostas nesta memoria, no informe de necesidade e no prego de prescricións técnicas, axeitadas para dirixir, e prestar o servizo obxecto do contrato.

3.- PROCEDEMENTO E FORMA DE TRAMITACIÓN DO CONTRATOS

Procedemento: Aberto.

Forma de tramitación: Ordinaria.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de servizos, previsto no artigo 17 da LCSP, que se executará de forma sucesiva en función das necesidades, conforme o estipulado na disposición adicional 33 da LCSP.

4.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

4.1.- Prezo do contrato.

O prezo do contrato ven definido polo número de horas a contratar 40.012,20 hrs., desagregado en función de horas ordinarias, nocturnas e festivas, o prezo hora con relación o convenio colectivo de aplicación sectorial da Comunidade Autónoma de Galicia, Resolución do 9 de xaneiro de 2017 da Secretaria Xeral de Emprego, e os custos vinculados de estrutura para o desenvolvemento do contrato, seguridade social, vestiario, horas ordinarias, festivas, nocturnas, outros conceptos e beneficio, sendo a desagregación de horas, prezo e importe total o seguinte.

XORNADAS	HORAS	PREZO	IMPORTE
MAÑANA	9.469,45	14,83 €	140.398,67 €
TARDE	23.745,23	14,83 €	352.058,41 €
NOCTURNAS	4.584,13	15,98 €	73.234,28 €
FESTIVAS	2.213,40	16,17 €	35.794,33 €

TOTAL	40.012,21	601.485,69 €
-------	-----------	--------------

O contrato contempla unha carga horaria máis estable de luns a venres de outubro a maio e máis variable nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, pechando instalacións durante este período en función da demanda da pretempada deportiva. Os sábados, festivos e domingos a carga horaria é variable en función da demanda deportiva.

As características que definen o contrato veñen a determinar o prezo do mesmo segundo se recolle no seguinte desglose orzamentario anual.

Desglose orzamentario anual	Importe	% de distribución
Coste persoal/ SS	446.339,01	74,21%
Vestuario e outros	4.909,73	0,82%
Absentismo	9.024,97	1,50%
G.X./ B.I.	36.821,90	6,12%
	497.095,61	
IVE 21%	104.390,08	17,36%
TOTAL ORZAMENTO ANUAL	601.485,69	100,00%

A xustificación do prezo ven definida polos custes de persoal, atendendo ao convenio colectivo en vigor de instalacións deportivas e ximnasia da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo 4. Os custes de vestuario para o persoal ó servizo do contrato valórase segundo os prezos de contratos de referencia de vestuario que ten adjudicado o Concello de Vigo.

TOTAL ORZAMENTO DO CONTRATO DOUS ANOS	
VALOR SEN IVE	994.191,22 €
IVE 21 %	208.780,16 €
TOTAL CON IVE	1.202.971,38 €

O contrato sustánciase polo tanto en función das horas executadas de servizo por mes, sendo o valor máximo polo tipo de horas o seguinte:

Valor unitario máximo horas ordinarias	14,83 €
Valor unitario máximo horas nocturnas	15,98 €
Valor unitario máximo horas festivas	16,17 €



Concello de Vigo

Resumo xeral de horas máximas por instalacións, podendo estas ser reducidas en función das necesidades do servizo, que serán comunicadas a empresa adxudicataria do servizo.

En caso de modificacións do contrato o prezo hora establecerase tendo como base os prezos unitarios indicados e en función do porcentaxe de desconto ofertado polo adxudicatario do contrato.

MAÑAS	HORAS PERIODO A NUAL L_V		HORAS SABADOS PERIODO ANUAL		HORAS FESTIVAS PERIODO ANUAL		TOTAL HORAS MAÑAS PERIODO ANUAL	
	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL
CORUXO	0,00		266,91		0,00		266,91	
CASTRELOS	0,00		266,91		0,00		266,91	
BEMBRIVE	0,00		266,91		0,00		266,91	
LAVADORES	911,40		280,26		273,42		1.465,08	
SARDOMA	0,00		266,91		0,00		266,91	
CANDEAN	0,00		266,91		0,00		266,91	
TEIS	1.410,50		266,91		260,40		1.937,81	
BOUZAS	286,44		293,60		286,44		866,48	
COIA	0,00		266,91		260,40		527,31	
CARBALLAL	0,00		280,26		273,42		553,68	
VALADARES	716,10		293,60		286,44		1.296,14	
CF.CARBALLAL	0,00		293,60		286,44		580,04	
PISTA ATLETISMO	429,66		293,60		286,44		1.009,70	
ROMIL	1.551,55		293,60		0,00		1.845,15	
QUIROS	0,00		266,91		0,00		266,91	
TOTAIS	5.305,65		4.163,80		2.213,40		11.682,85	

TARDES	HORAS PERIODO A NUAL L_V		HORAS SABADOS PERIODO ANUAL		HORAS TARDES PERIODO ANUAL		TOTAL HORAS TARDE E NOCTURNAS PERIODO ANUAL	
	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL
CORUXO	1.117,55	325,50	303,80		1.421,35		1.746,85	
CASTRELOS	1.117,55	325,50	303,80		1.421,35		1.746,85	
BEMBRIVE	1.117,55	325,50	303,80		1.421,35		1.746,85	
LAVADORES	1.708,88	341,78	318,99		2.027,87		2.369,64	
SARDOMA	1.061,67	309,23	288,61		1.350,28		1.659,51	
CANDEAN	1.117,55	325,50	303,80		1.421,35		1.746,85	
TEIS	1.302,00	325,50	303,80		1.605,80		1.931,30	

BOUZAS	1.790,25	358,05	334,18	2.124,43	2.482,48
COIA	1.193,50	325,50	303,80	1.497,30	1.822,80
CARBALLAL	1.173,43	341,78	318,99	1.492,42	1.834,19
VALADARES	1.432,20	358,05	334,18	1.766,38	2.124,43
CF.CARBALLAL	1.229,31	358,05	334,18	1.563,49	1.921,54
PISTA ATLETIS- MO	1.312,85	119,35	334,18	1.647,03	1.766,38
ROMIL	1.229,31	119,35	334,18	1.563,49	1.682,84
QUIROS	1.117,55	325,50	303,80	1.421,35	1.746,85
TOTAIS	19.021,14	4.584,13	4.724,09	23.745,23	28.329,35

4.2.- Orzamento base de licitación.

Orzamento base licitación CONTRATO DOUS ANOS INCLÚIDOS TODOS OS CUSTOS DO CONTRATO	
Orzamento base licitación do contrato	1.202.971,38 €
Sendo o IVE 21%	208.780,16 €

4.3 Valor estimado do contrato.

Atendendo ao art. 101 da LCSP o valor estimado do contrato calcúlase descontando o IVE ao orzamento base de licitación e comprende os gastos de estrutura, materiais, beneficio industrial os custos laborais derivados do contrato, segundo o convenio colectivo de aplicación, as dúas prórrogas e a modificación do 10%. Sendo por tanto o importe do valor estimado de **2.087.801,56 €**.

VALOR ESTIMADO CONTRATO		VALOR
ANOS CONTRATO	DOUS	994.191,22 €
MODIFICACIÓNS	10,00%	99.419,12 €
PRORROGAS	DÚAS	994.191,22 €
TOTAL		2.087.801,56 €

5.- REVISIÓN DE PREZOS

Atendendo ao artigo 103 da LCSP, non procede revisión de prezos, ao ter o contrato unha vixencia de dous anos con opción de dúas prórrogas.

6.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACION DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL.



Concello de Vigo

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe máximo anual do contrato e o que se detalla na seguinte táboa:

Importe máximo anual contrato S/IVE	497.095,61 €
Importe máximo anual contrato C/IVE	601.485,69 €
IVE 21%	104.390,08 €

Financiación do contrato con cargo as partidas orzamentaria do orzamento de deportes, programa 3420. 2279918 "Apertura e peche instalacións extrarradio" e da partida orzamentaria do programa 3410.2279904 "Prestacións e patrocinios", da que se ceden os créditos polo importe de 28.043,31 euros para complementar o crédito da partida orzamentaria 3420.2279918 que dispón de 573.442,38 euros.

Distribución anual orzamentaria:

DISTRIBU- CION OR- ZAMENTA- RIA	PARTIDA ORZAMEN- TARIA	PERIODO	IMPORTE
ANO 2020	3420.2279918	01/09/2020 a 31/12/2020	213.026,18 €
ANO 2021	3420.2279918	01/01/2021 a 31/12/2021	601.485,69 €
ANO 2022	3420.2279918	01/01/2022 a 31/08/2022	388.459,51 €

7.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.

Establécese un prazo de execución de 2 anos, máis dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Atendendo a necesidade de facilitar unha mellor xestión do contrato así como regular a posibilidade da administración de continuar o non co servizo unha vez finalizados os dous primeiros anos en función da satisfacción do servizo prestado.

8.- SOLVENCIA.

8.1.- Solvencia técnica e profesional.

En cumprimento do establecido no artigo 90 da LCSP, a solvencia técnica e profesional dos licitadores deberá acreditarse tendo en conta os coñecementos técnicos, experiencia e fiabilidade o que terá que acreditarse polo seguinte medio.

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato-

O prazo para a acreditación dos servizos entenderase ata o último día de presentación das ofertas.

8.2.- Solvencia económica e financeira.

Consonte ao artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior a anualidade media do prezo do contrato.
- Por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

8.3.- Xustificación da Solvencia.

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

9.0.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

De acordo co artigo 145 da LCSP, os criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato busca definir un proceso que teña como base criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva. Atendendo a pluralidade de criterios e buscando a mellor relación calidade-prezo.

9.1 - Criterios:

En relación os aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do contrato que se licita, considerase unha fase de **avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor** e una fase **de avaliación de criterios suxeitos a**



Concello de Vigo

fórmulas.

A finalidade da fase de **avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor**, ten por obxectivo identificar a mellor oferta en relación a proposta de execución técnica, xa que estamos a falar dun servizo público e no que os cidadáns deben contar con todas as garantías para o seu disfrute. Polo que é fundamental que se preste un servizo de calidade, na xestión das actividades docentes, no mantemento e na seguridade-.

A finalidade da fase de **avaliación de criterios suxeitos a fórmulas** busca obter un mellor prezo para a administración, sen que prexudique a calidade da oferta e o desenvolvemento do contrato. Así como valorar aspectos de calidade que melloren o servizo.

Puntuación dos criterios: Total puntuación 100 puntos.

Distribución puntuación:

a) avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor: 30%: 30 puntos

b) avaliación de criterios suxeitos a fórmulas: 70%: 70 puntos.

Esta distribución establécese tendo en conta a importancia que ten neste contrato o **PLAN DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO**, xa que este inflúe no costes de xestión do servizo, na calidade da prestación do servizo ós cidadáns, na xestión e mantemento integral das instalacións e na xestión dos recursos humanos. Así coma o prezo total do contrato

Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para mellor a relación calidade/prezo de cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, de entre as diferentes ofertas realizadas, a que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa economicamente, se procederá a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a que presenta a mellor relación calidade-prezo de cada oferta.

a) Criterios suxeitos a xuízo de valor, neste apartado se valorará a calidade da oferta tendo en conta aspectos tales como, o maior grado de coñecemento dos licitadores en relación a execución dos servizos vinculados o obxecto do contrato, a cualificación do responsable do contrato, así como os procesos de control e funcionamento das instalacións. Debe recollerse no **Plan de organización do servizo, en adiante (POS)**.

a.1.- Plan de organización do servizo (POS) . É importante coñecer como o contratista pretende organizar o servizo, levar a cabo a dirección e xestión do mesmo, a información que se proporcione ó servizo xestor, así como os procedementos de control de calidade, seguimento e avaliación do servizo, sendo todos eles fundamentais para a prestación do servizo. O **POS** debe estar composto por un documento denominado "Plan de organización do servizo)

A puntuación é de **30 puntos**. Deberá recoller a **organización, xestión e prestación do servizo**, indicando os seguintes aspectos: recursos, estrutura organizativa, coordinación, procedementos de información e de control de calidade, aplicación informática e

documentación a empregar en todos os procesos internos.

a.2 -Criterios para a presentación do POS. Para a presentación dixital da documentación se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

"Presentarase un único arquivo dixital para toda a documentación relativa ao criterio de xuízo de valor cun máximo de 70 follas (incluídos índices, carátulas e portadas), con tipo de letra tipo Arial, Verdana ou Times New Roman e tamaño 11. O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño. A denominación do arquivo deberá estar conformada pola seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 20 caracteres)"; sobre B; POS".

Cando a documentación non cumpra cos requisitos indicados no apartado a.2, procederse a súa valoración técnica, pero a puntuación será sobre o 25% dos puntos asignados a memoria de que se compón o **POS**.

a.-3 Procedemento para puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor:

A puntuación será outorgada seguindo as seguintes regras:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada para o POS a aquelas que desenvolvan adecuadamente os contidos indicados coa análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e as demais de xeito proporcional con respecto a mellor. Terase en contra: o grado de detalle, concreción e claridade sobre os procedementos relacionados co obxecto do contrato, a claridade da información e o grado de coñecemento do servizo a prestar, a xustificación coherente das proposicións propostas, e a coherencia documental.

2.- A puntuación será de 0 (cero) puntos cando a memoria conteña aspectos contraditorios internos, en relación coa oferta presentada e o contido obxecto do contrato.

Umbral mínimo:

Establécese un umbral mínimo de puntuación a acadar na fase de valoración das proposicións relativas aos criterios avaliados mediante xuízo de valor, polo cal estableceranse dous apartados para a clasificación dentro deste criterios:

a) Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.

b) Ofertas con calidade técnica suficiente. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor igual ou superior o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.



Concello de Vigo

Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación.

b) Criterios suxeitos a fórmulas, neste apartado valorarase a calidade da oferta tendo en conta os seguintes aspectos:

A puntuación **de 70 puntos** distribuirase do seguinte modo.

b.1.- Maior redución do prezo unitario hora ordinaria ó obxecto do contrato: Puntuación máxima 30 puntos. Aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo base de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros S/IVE).

b.2.- Maior redución do prezo unitario hora festiva obxecto do contrato. Puntuación máxima 25 puntos. Aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo base de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros S/IVE).

b.3.- Maior redución do prezo unitario hora nocturna obxecto do contrato. Puntuación máxima 15 puntos. Aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo base de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros S/IVE).

Xustificación dos criterios de valoración:

Xustifícase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información axeitada para a elección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén en proporción coa mellor oferta en relación o mellor prezo e e mellor servizo para a administración.

9.2.- Fórmulas a aplicar na valoración dos criterios de adxudicación

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de baixa.

Vrb: valor referencia das baixas.

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

Xustificación das fórmulas.- Estas formulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto bo da Intervención Municipal

10.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.



Concello de Vigo

- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

11.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, establécese neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social:

1. A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

A condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de afondar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social.

O adxudicatario con carácter previo o contrato deberá presentar ó responsable do contrato as medidas de conciliación a adoptar.

12.- INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP

Non procede por canto non hai ningunha empresa prestando o servizo.

13.- PRAZO DE GARANTÍA

Non procede nesta contratación ó ser un contrato de prestación de servizo.

14.- SUBCONTRATACIÓN

De acordo co previsto no artigo 215 LCSP, se reserva a executar polo contratista como tarefas críticas do servizo as seguintes: xestión do servizo con recursos propios, xa que é a esencia do contrato de servizo a contratar e é o valor intrínseco do contrato a operatividade e funcionalidade do contrato. Os recursos cos que se deben prestar o servizo deben estar baixo unha única estrutura organizativa de dirección e xestión.

15.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Si procede.

15.1.- Límites da contratación: ata un máximo do 10%.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato debido principalmente a demanda de actividades que motiven o aumento da franxa horaria de apertura ou incorporación doutras instalacións vinculadas co obxecto do contrato.

15.1.- Aspectos a modificar:

O importe máximo do prezo do contrato.

15.2.- Circunstancias que determinan a modificación: Máis centros ou máis actividades.

Incorporación de instalacións vinculadas o ámbito competencial do Concello de Vigo e non recollidas nas relacionadas no PPT. Incremento de actividades deportivas.

16.- DIVISIÓN EN LOTES.

Non. A non división en lotes permite optimizar o contrato nos seguintes ámbitos:

Económicos:

Unha economía de escala dos custes do contrato, para o adxudicatario do servizo, permitindo a optimización dos recursos, económicos, loxísticos e humanos. Supón por tanto un aforro económico e maior operatividade no control dos servizos contratados para a administración.

A través da economía de escala prodúcese unha redución importante dos custes unitarios na produción dos servizos prestados, podendo incrementar a produtividade nos mesmos. A maior escala de produción se prorrataan os custes fixos entre a cantidade dos produtos-servizos realizados, executados e obtéñense menores custes unitarios. Prodúcese unha maior optimización dos recursos económicos financeiros.

Recursos humanos e materiais:

Os recursos humanos da estrutura fixa do contrato e os materiais pódense reorganizar en función das necesidades operativas do conxunto das instalacións obxecto do contrato. Prodúcese unha maior optimización dos recursos humanos, loxísticos e materiais que se deben poñer a disposición do contrato.

Comunicación:

No ámbito da comunicación na estrutura organizativa que afecta ós diferentes centros nos que se presta o servizo facilita que esta se desenvolva de modo máis eficiente, xa que se evitan interferencias entre diferentes interlocutores se non estivera dependendo dunha única unidade organizativa.

Seguridade e saúde:

Dende o punto de vista da seguridade laboral aumentaría a complexidade na coordinación da seguridade e saúde dos traballadores, afectando a operativa na prestación do servizo e repercutindo na eficacia e eficiencia do mesmo, e polo tanto nos custes. Debendo aumentarse a coordinación inter-empresarial.



Concello de Vigo

Organización servizo:

Con respecto o Plan de Organización do Servizo (POS) este debería estar desagregado por cada unha das unidades independentes que puideran intervir no servizo, dificultando o control pola administración, xa que estaría obrigada a supervisar tantos POS, como servizos independentes se prestarán no desenvolvemento do obxecto do contrato.

Polo exposto, a división en lotes pon en grave risco:

Primeiro: A coordinación interna dos contratos pola da administración e en consecuencia de cada unha das instalacións, xa que multiplicaría o esforzo de control e fiscalización..

Segundo: A coordinación interna con outras empresas que operan ou poden operar nas instalacións que si o contrato se subdividise en lotes, implicaría unha complexidade organizativa difícil de artellar e de asunción de responsabilidades internas e xurídicas.

Terceiro: Os custes económicos non se poderían optimizar xa que non operaría unha economía de escala na produción dos servizos prestados.

Cuarto: A complexidade de homoxeneizar, coordinar e xestionar o servizo prestado os cidadáns de un xeito tan fraccionado.

Polo tanto, non procede a división en lotes segundo o art. 93,3 b da LCSP, por motivos de eficacia e eficiencia dos medios empregados na prestación do servizo, o cal redunda en beneficio para o xestor do contrato, en beneficio para a administración por aforro de custes e no control e fiscalización do servizo contratado, así coma para os usuarios xa que existe unha homoxeneidade de criterios nos servizos prestados.

17.- RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, para o exercicio das funcións que nel se determina, a designación como responsable do contrato recaer no Adxunto Xefe Servizo Deportes- Director Técnico servizo de deportes.

18.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pagamento realizarase mensualmente previa presentación das facturas, das horas reais de prestación de servizo obxecto do contrato e será conformada polo responsable de contrato unha vez comprobada a veracidade dos servizos prestados, e presentada toda a documentación necesaria recollida neste apartado 18 da memoria.

As facturas presentaranse agrupada nun solo documento, desglosando o número de horas e tipo por cada unha das instalacións donde se presta o servizo.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- a) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES
- b) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- c) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

O adxudicatario deberá entregar para a realización da facturación toda a documentación mensual relativa o funcionamento do servizo, persoal, instalacións, , ingresos e gastos, TC2, relación postos traballo e retribucións, en soporte informático en permanentemente actualizada. Informes de incidencias.

(Obrigas do adxudicatario non réxime de pagamento)

Así mesmo semestralmente se presentara una memoria documental, na que se recollan os datos da xestión do contrato.

O adxudicatario presentará, semestralmente, relación documental de todas as facturas relacionadas cos gastos do contrato ou no momento que se requira polos servizos técnicos.

Anualmente se presentará un informe económico-financeiro do contrato. Coa desagregación de todos os gastos e ingresos do contrato.

19.- SEGURO

O Adxudicatario, deberá subscribir pólizas de RC e danos, que cubran os riscos e danos derivados que puidesen producirse na execución do contrato, e onde queden cubertos tanto o seu persoal como o da Administración contratante que interveña nos traballos obxecto do presente Prego. Todos os gastos correspondentes a estas pólizas serán de conta do Adxudicatario, polo cal, será responsabilidade da empresa adxudicataria os danos de calquera clase, que por negligencia ou imprudencia se produzan durante os traballos ou como consecuencia dos mesmos cáusense nas instalacións ou se produzan a terceiras persoas ou bens, situados nas dependencias das instalacións e contorna exterior, obxecto desta licitación.

Non se permitirá ningunha franquía nas pólizas de seguros, cuxas copias deberán ser remitidas ao responsable do contrato.

- O importe da póliza de RC será o correspondente para unha cobertura mínima de 3.000.000,00 € .
- O importe da póliza de accidentes será o correspondente para unha cobertura mínima de 200.000,00 euros.
- O período de cobertura será polo correspondente período do contrato.



Concello de Vigo

- O adxudicatario deberá xustificar documentalmente en cada exercicio o pago da correspondente prima de seguro. Calquera modificación nas pólizas, deberá ser comunicada previamente ó responsable do contrato así mesmo o contratista comunicará de forma inmediata todo sinistro ou incidencia en relación ás coberturas dos seguros a Concellería de Deportes.

20.- LUGAR DE ENTREGA

O servizo desenvolverase nos centro recollidos no PPT.

21.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

O 1 de setembro de 2020. O adxudicatario comenza a prestar o servizo trala sinatura do contrato e no momento que lle indique a administración.

22.- INFORMES DE PROBAS

Non se prevén.

23.- OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

O licitador deberá incluír ademais da oferta segundo o modelo do PCAP, no sobre "C", un orzamento descomposto dos custes do servizo que teña relación directa coa oferta realizada. Os cálculos deste orzamento deberá adecuarse de maneira xustificada a oferta presentada, indicando a descomposición das unidades de custes do servizo, das cales deberán indicarse de maneira expresa as correspondentes segundo se recolle no modelo que se adxunta, sen ive e con ive.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución dos servizos sobre os cales o licitador deberá indicar o porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial de aplicación o orzamento de gastos.

O licitador deberá presentar un documento descomposto de custes imputable o obxecto do contrato, seguindo o modelo adxunto.

Descrición dos conceptos de gastos	IMPORTES S/IVE	IMPORTES C/IVE
Custes persoal		
Custes vestiario		
Seguros		
Absentismo		
Amortizacións		
Gastos financeiros		
Outros convenio		

Gastos xerais		
Beneficio industrial		
Subtotal		
IVE 21%		
Total coste		

Prezo unitario para hora ordinaria con IVE..... sendo o IVE do 21%.....

Prezo unitario para hora nocturna con IVE..... sendo o IVE do 21%.....

Prezo unitario para hora festiva con IVE..... ... sendo o IVE do 21%.....

24.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

Non se contemplan.

25.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario está na obriga de dispor do persoal cualificado e suficiente, conforme á normativa legal vixente relacionado cos aspectos técnicos necesarios para desenvolver o servizo. O adxudicatario deberá cubrir en todo momento as necesidades de apertura das instalacións indicadas polo servizo de deportes, incluído aqueles casos en que xurdan imprevistos baixas, permisos, vacacións. O persoal que preste o servizo deberá reunir requisitos de: dominio acreditado do idioma galego oral e escrito, Coñecemento e destrezas técnicas de: atención ó público, de oficios, ofimáticos, manexo de equipos DESA, manipulación e manexo de equipamento deportivo e de son.

O adxudicatario deberá aportar como responsable do contrato para a comunicación co responsable do contrato do Concello de Vigo, a unha persoa con experiencia na xestión de instalacións deportivas das características do obxecto do contrato.

A particularidade e especificidade do servizo, no que se integran aspectos técnicos diversos e sobre todo existe un gran compoñente humano no ámbito da actividade física e do deporte require de persoal cualificado para garantir a máxima eficacia, eficiencia e calidade na dirección e xestión do servizo obxecto do contrato polo que a dirección do servizo debe contar con cualificación e experiencia na xestión destes servizo.

Dispor da aplicación informática de xestión interna para o desenvolvemento do servizo no momento do inicio efectivo do contrato.

26.- PLANIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato figura na planificación da contratación municipal, servizo deportes, aprobada o 27/12/2019, Con data 8/11/2019 publicouse anuncio previo (sitio web de TED: <https://ted.europa.eu/>)



Concello de Vigo

27.- VISITAS CONCERTADAS ÁS DEPENDENCIAS OBXECTO DO CONTRATO

As empresas licitadoras poderán realizar visitas as instalacións obxecto do contrato, realizando unha solicitude previa ao Servizo de Deportes, indicando os datos do persoal que realizará a visita. A solicitude realizarase, mediante correo electrónico a (concelleriadeportes@vigo.org), ata 12 días naturais antes do remate do prazo de presentación das ofertas. Unha vez recibida as solicitudes comunicárase a través do perfil do contratante.

28.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIOS

Si. Os datos dos usuarios das instalacións deportivas se ceden ao prestatario do servizo, para consulta de ocupación dos espazos deportivos e realización de notificacións ó responsable do contrato do servizo de deportes das incidencias que se produzan no servizo.

24.- CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL. Non

En consecuencia cos antecedentes descritos, propónse ao Concelleiro Delegado da Area de Deportes remitir a presente memoria xustificativa para " **contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes** ", ao departamento de Contratación para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

III.- PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da "CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACION, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE DEPORTES

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de maio de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 29 de maio de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación para "CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACION, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERIA DE DEPORTES

Terceiro: Autorizar o gasto polo **importe base de licitación 1.202.971,38 €**, e sendo o **valor estimado** do contrato de **2.087.801,56 €.** Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluída na aplicación

orxamentaria 3420.2279918 "Apertura e peche de instalacións" (573.442,38 €) e 3410.2279904 "Prestacións e Patrocinios (28.043,31 €)

Distribución anual orxamentaria:

DISTRIBUCION ORZAMENTARIA	PARTIDA ORZAMENTARIA	PERIODO	IMPORTE
ANO 2020	3420.2279918	01/09/2020 a 31/12/2020	213.026,18 €
ANO 2021	3420.2279918	01/01/2021 a 31/12/2021	601.485,69 €
ANO 2022	3420.2279918	01/01/2022 a 31/08/2022	388.459,51 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(557).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES DURANTE OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2020. EXPTE. 19833/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/07/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de abril, maio e xuño do ano 2020, que se relacionan deseguido:



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3550-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARA A PREVENCIÓN DA LEXIONELLA PARTIDA: 3420-2279916 DOC. CONT.: ADM 23236	AGRONERGA, SL (B36448652)	31/03/20	31/12/20	17.894,69 €
3680-611	SERVIZO DE IMPRESIÓN DO PROGRAMA, CARNETS E PLOTTERS PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2020-2021 PARTIDA: 3420-2260901 DOC. CONT.: ADM 36336	ARTES GRAFICAS JADFEL, SL (B36891703)	05/06/20	30/07/20	3.543,06 €
3611-611	SERVIZO DE ALUGUEIRO DUN MÓDULO PORTÁTIL, CON AIRE ACONDICIONADO, PARA O CONTROL DOS ACCESOS NAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS PARTIDA: 3420-2030000 DOC. CONT.: ADM 36162	BAYGAR, SL (B12019659)	20/05/20	31/12/20	967,03 €
3536-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA PARTIDA: 3420-2200000 DOC. CONT.: ADM 35396	BERNARDO GARCÍA MONTOTO (36060727Q)	03/06/20	30/07/20	1.660,18 €

EXPTE NÚM.	OBJECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3571-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE TRABALLOS PUNTUAIS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NUN ACUMULADOR DO PAVILLON MUNICIPAL DE BOUZAS, NA CALDEIRA DO PAV. TRAVESAS E NO QUEIMADOR DE GASÓLEO DO CF DO CARBALLAL PARTIDA: 3420-2130001 DOC. CONT.: ADM 24421	COSTAS Y OTERO, SL (B36749075)	17/04/20	20/05/20	6.262,96 €
3612-611	SUBMINISTRO DO MATERIAL NECESARIO PARA PROTECCIÓN E DESINFECCIÓN POR MORDO DO COVID-19 PARTIDA: 3420-2219900 DOC. CONT.: ADM 32371	DARLIM, SLU (B36612562)	21/05/20	30/06/20	18.028,58 €
19688-333	SERVIZO REALIZACIÓN DE PUBLICIDADE PUBLIREPORTAXES CONCELLERÍA DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2260200 DOC. CONT.: ADM 42650	EDICIONES EDISPORT,SL (B36979920)	30/06/20	31/12/20	1.815 €
3547-611	SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO TÉCNICO-DEPORTIVO PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DE VALADARES E AS TRAVESAS PARTIDA: 3420-6290000 DOC. CONT.: ADM 34694	EURODISCAP, SL (B92887512)	15/05/20	30/07/20	10.090,00 €



Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3587-611	SERVIZO DE TRANSPORTE E TRATAMENTO PUNTUAL DOS RESIDUOS NON PERIGOSOS XERADOS NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARME PARTIDA: 3420-2279915 DOC. CONT.: ADM 41453	GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU (B36179299)	17/04/20	30/12/20	2.750,00 €
3593-611	SUBMINISTRO DE ELEMENTOS DE PROTECCIÓN DE ESTRUTURAS METÁLICAS PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2120000 DOC. CONT.: ADM 26739	DE INSTALACIONES DEPORTIVAS DE CASTRELOS, SL (B36984623)	23/04/20	30/05/20	1.863,40 €
3588-611	SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN DE INCENDIOS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE ROMIL PARTIDA: 3420-2279915 DOC. CONT.: ADM 26266	INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS JOMAGAR, SL (B94071388)	17/04/20	31/12/20	375,10 €
3599-611	SERVIZO DE REPARACIÓNS PUNTAIS NOS RECERCADOS E FECHADURAS DOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2120000 DOC. CONT.: ADM 29133	IVÁN FIGUEROA LORENZO (36129293L)	08/05/20	15/06/20	1.948,10 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3700-611	SERVIZO PARA REALIZACION DOS TRABALLOS TECNICOS DE ROTULACION PARA AS PISTAS INTERIORES DE BALAIIDOS	LUIS ALBERTO MOSQUERA MARCOS - ALMO (78739710S)	25/06/20	30/07/20	3.777,62 €
	PARTIDA: 3420-2279915 DOC. CONT.: ADM 40536				
19612-333	TRABALLOS TÉCNICOS DE FABRICACIÓN DE PLACAS E CARTELERÍA PARA SINALIZACIÓN DO ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE SAMIL E BALAIIDOS DEBIDO Á NOVA SITUACIÓN XERADA POLO COVID-19	LUIS ALBERTO MOSQUERA MARCOS (78739710S)	03/06/20	30/06/20	1.414,49 €
	PARTIDA: 3420-2279900 DOC. CONT.: ADM 35653				
3535-611	MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS ASCENSORES SITUADOS NOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE CORUXO, MONTE DA MINA, TRAVESAS, LAVADORES, VALADARES, NAVIA E CANDEÁN	ORONA, S. COOP (F20025318)	02/04/20	31/12/20	5.365,32 €
	PARTIDA: 3420-2279914 DOC. CONT.: ADM 22571				



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3551-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DO ASCENSOR DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CANDEÁN PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT.: ADM 22568	ORONA, S. COOP. (F20025318)	02/04/20	30/04/20	896,94 €
3693-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CALDEIRAS DOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE COIA E BOUZAS PARTIDA: 3420-2130001 DOC. CONT.: ADM 36747	OTEYCO MANTENIMIEN TOS, SL (B36891646)	11/06/20	15/07/20	2.412,74 €
3537-611	SUBMINISTRO DE PRANCHAS DE POLICARBONATO PARA A REALIZACIÓN DE MANTEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2120000 DOC. CONT.: ADM 23603	PLÁSTICOS DE CARRERA, SL (B36843241)	06/04/20	30/04/20	868,53 €
3546-611	SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA A REALIZACIÓN DE SALTOS DE PERTIGA E ALTURA NAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS PARTIDA: 3420-6290000 DOC. CONT.: ADM 28943	PUNTODEPOR TE ASESORES, SL (B36878171)	08/05/20	30/06/2020	13.072,26 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3679-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE DESBROCE E RETIRADA DE BROZA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2100001 DOC. CONT.: ADM 34335	RAÍCES DE GALICIA, SL (B36752996)	27/05/20	30/12/20	4.999,72 E
3543-611	SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ELEVADORES VERTICAIS E PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS NOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE BOUZAS, COIA, BERBÉS E NA PISCINA DO CARME PARTIDA: 3420-2279914 DOC. CONT.: ADM 22569	SCHINDLER, SA (A50001726)	02/04/20	31/12/20	2.256,65 €
19610-333	POSTA EN MARCHA DUNHA INICIATIVA PARA O FOMENTO E PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NESTE PERÍODO DE DESESCALADA DAS RESTRICIÓN ADOPTADAS POLO COVID-19 PARTIDA: 3420-2260200 DOC. CONT.: ADM 32867	SILVIA PÉREZ BUGALLO (44088318D)	25/05/20	30/06/20	2.057,00 €
3598-611	SERVIZO DE REPARACIÓN PUNTUAL NO MARCADOR ELECTRÓNICO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO MEIXOEIRO PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT.: ADM 29134	STEREO, SLU (B36603793)	08/05/20	30/05/20	242,00 €



Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3614-611	SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DE ESTRUTURAS METÁLICAS NA GAIOLA DE LANZAMENTOS UBICADA NAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS PARTIDA: 3420-2120000 DOC. CONT.: ADM 33007	TALLERES LA FLORIDA DE SAN ANDRÉS, SL (B36688760)	20/05/20	30/06/20	5.718,46 €
3590-611	SERVIZO DE MANT. E REPOSICIÓN DUN DEPÓSITO CON ARRANXOS DE TUBERÍAS E DEMAIS ELTOS NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DA INST. DE AUGA QUENTE SANITARIA (AQS) DO PAVILLÓN MUNICIPAL DO BERBÉS PARTIDA: 3420-2130001 DOC. CONT.: ADM 25119	VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU (A15208408)	21/04/20	30/05/20	9.072,43 €
3618-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DUNHA PLACA SOLAR NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CANDEÁN PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT.: ADM 33013	VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU (A15208408)	27/05/20	30/06/20	2.290,81 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(558).- TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PARA ADAPTACIÓNS DAS TARIFAS DE AUGA AO ART. 12 DA LEI 9/2019, DE 11 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS DE GARANTÍA DO ABASTECIMENTO DOS EPISODIOS DE SECA E NAS SITUACIÓNS DE RISCO SANITARIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 2689/500.

Dáse conta do informe-proposta do 13/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Inspección de Tributos, pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Lei 9/2019, de 11 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario establece, no seu artigo 12, a necesidade de eliminar nas tarifas do servizo de abastecemento de auga “*mínimos exentos*”.

Neste senso, o artigo 12.3 da citada Lei 9/2019, sinala imperativamente que “*As administracións públicas responsables revisarán as súas ordenanzas ou normas reguladoras ...*”.

Xa que logo, resulta obrigado adaptar as tarifas previstas nos apartados I, II, III e IX do artigo 5 da Ordenanza nº 60 reguladora das “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, que contén un consumo mínimo a facturar a todos os usuarios, para cumprir co mandato legal de que a estrutura tarifaria -resultado da adaptación- “*diferenciará os tramos en función da auga consumida*”, e todo isto, “*sen prexuízo da existencia dunha cantidade fixa polo feito da prestación do servizo*”.

II.- En cumprimento da devandita Lei autonómica, en data 10 de xuño de 2020 o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ordeou o inicio da tramitación da ADAPTACIÓN DAS TARIFAS DA AUGA AO ARTIGO 12 DA LEI 9 /2019 DE 11 DE DECEMBRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. (ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. (60)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

Segunda.- Debe considerarse o disposto no artigo 133.1 da LPACAP no tocante á tramitación dos anteproxectos de lei ou regulamentos, que dispón que: “*Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:*

- a) os problemas que se pretende solucionar coa iniciativa
- b) a necesidade e oportunidade da súa aprobación



Concello de Vigo

c) os obxectivos da norma

d) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”

Terceira.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, polo que formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, para a adaptación das tarifas previstas nos apartados I, II, III e IX do artigo 5 da Ordenanza nº 60 reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais ao artigo 12 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I ao presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar publicidade ao presente acordo a través da intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

ANEXO I.- Consulta pública

Problemas que se pretenden solucionar coa norma	O desenvolvemento regulamentario do mandato legal disposto no artigo 12 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A previsión legal obriga á adaptación da Ordenanza reguladora das “prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”, de forma que non se trata de motivos de oportunidade
Obxectivos da norma	Adaptar a Ordenanza, nos termos da nova norma legal e regular os distintos aspectos das contraprestacións do servizo de abastecemento, alcantarillado e depuración no marco dos procesos diferenciados do ciclo integral da auga
Posibles	Non hai alternativa regulatoria nin non regulatoria, pola obriga de

solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	aplicación da normativa europea, estatal e autonómica.
--	--

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(559).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO (EMMV). EXPTE. 23977/332.

Visto o informe xurídico do 25/06/2020 e o informe de fiscalización do 08/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/06/20, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 15 de xaneiro de 2020, o Concelleiro de Educación e Xuventude resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV).”

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 15 de xaneiro de 2020.
- Resolución do Concelleiro de Educación e Xuventude de 15 de xaneiro de 2020 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 29 de xaneiro de 2020 redactado polo servizo de Educación.
- Memoria xustificativa de data 5 de marzo de 2020.
- Informe de data 6 de marzo 2020 da Xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 10 de marzo de 2020, redactado polo servizo de Contratación.
- Memoria xustificativa modificada, de data 16 de xuño de 2020
- Informe de data 19 de xuño de 2020 da xefa do servizo de Contratación
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19 de xuño de 2020, redactado polo servizo de Contratación.



Concello de Vigo

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto do presente contrato é establecer as bases para a contratación da xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación musical que o Concello de Vigo programa anualmente a través da Escola municipal de música de Vigo (en adiante, EMMV).

Duración: A duración estimada do contrato será de catro (4) anos, máis unha posible prórroga de un ano de duración.

Prezo: O prezo do contrato e de 1.785.969, 80 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.02 “Escola municipal de música de Vigo”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV)

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (PPT) de 29 de xaneiro de 2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 19 de xuño, que se inclúen no expediente.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.785.969, 80 euros (162.360,88€ na anualidade de 2020; 446.492,45€ na anualidade de 2021, 446.492,45€ na anualidade de 2022, 446.492,45€ na anualidade de 2023 e 284.131,57€ na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo, con cargo a partida 3230.227.99.02 “Escola municipal de música de Vigo” e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulase en 2.232.462,25€.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(560).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD). EXPTE. 23978/332.

Visto o informe xurídico do 25/06/2020 e o informe de fiscalización do 08/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/06/20, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 21 de xaneiro de 2020, o Concelleiro de Educación e Xuventude resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD).”

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 21 de xaneiro de 2020.
- Resolución do Concelleiro de Educación e Xuventude de 21 de xaneiro de 2020 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 17 de febreiro de 2020 redactado polo servizo de Educación.
- Memoria xustificativa de data 5 de marzo de 2020.
- Informe de data 6 de marzo 2020 da Xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 10 de marzo de 2020, redactado polo servizo de Contratación.
- Memoria xustificativa modificada de data 17 de xuño de 2020
- Informe de data 19 de xuño 2020 da xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19 de xuño de 2020, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto do presente contrato é establecer as bases para a contratación da xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación en música tradicional que o Concello de Vigo programa anualmente a través da Escola municipal de música folk e tradicional (en adiante, E-TRAD).

Duración: A duración estimada do contrato será de catro (4) anos, máis unha posible prórroga de un ano de duración.

Prezo: O prezo do contrato e de 1.024.561,40 euros.



Concello de Vigo

Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.18 “Escola municipal de música folk e tradicional”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD)

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (PPT) de 17 de febreiro de 2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 19 de xuño, que se inclúen no expediente.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.024.561,40 euros (93.141,95€ na anualidade de 2020; 256.140,35€ na anualidade de 2021, 256.140,35€ na anualidade de 2022, 256.140,35€ na anualidade de 2023 e 162.998,40€ na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional, con cargo a partida 3260.227.99.18 “Escola municipal de música folk e tradicional” e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulouse en 1.280.701,75€.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(561).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA (EMD). EXPTE. 23979/332.

Visto informe xurídico do 25/06/2020 e informe de fiscalización do 08/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/06/20, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 19 de xaneiro de 2020, o Concelleiro de Educación e Xuventude resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación, por

procedemento aberto e tramitación ordinaria, da xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD).”

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 15 de xaneiro de 2020.
- Resolución do Concelleiro de Educación e Xuventude de 19 de xaneiro de 2020 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 17 de febreiro de 2020, redactado polo servizo de Educación.
- Memoria xustificativa de data 5 de marzo de 2020.
- Informe de data 6 de marzo 2020 da Xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 14 de abril de 2020, redactado polo servizo de Contratación.
- Memoria xustificativa modificada de data 17 de xuño de 2020.
- Informe de data 19 de xuño 2020 da xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19 de xuño de 2020, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto do presente contrato é establecer as bases para a contratación da xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación danza que o Concello de Vigo programa anualmente a través da Escola municipal de danza (en adiante, EMD).

Duración: A duración estimada do contrato será de catro (4) anos, máis unha posible prórroga de un ano de duración.

Prezo: O prezo do contrato e de 601.909,04 euros.

Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.26 “Escola municipal de danza”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:



Concello de Vigo

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD)

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (PPT) de 17 de febreiro de 2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 19 de xuño, que se inclúen no expediente.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 601.909,04 euros (54.719,00€ na anualidade de 2020; 150.477,26€ na anualidade de 2021, 150.477,26€ na anualidade de 2022, 150.477,26€ na anualidade de 2023 e 95.758,26€ na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza, con cargo a partida 3260.227.99.26 "Escola municipal de danza" e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulouse en 752.386,30€.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(562).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15857/444.

Visto o informe xurídico do 08/07/2020 e o informe de fiscalización do 13/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 08/07/2020, asinado pola enxeñeira industrial, o xefe da Área de Inversións, o xefe dos Servizos Xurídico de Servizos Xerais, o concelle-delegado da Área de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, aprobou na sesión ordinaria do 20 de novembro de 2015, o expediente do **CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO** (EXPEDIENTE 15857/444), o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de prescricións administrativas particulares.

O obxecto do contrato é o mantemento integral dos equipos e instalacións electromecánicas de alumeado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, instalacións de enerxías eólicas, solares fotovoltaicas e algunhas fontes ornamentais existentes na cidade,

co obxecto de lograr o correcto funcionamento das mesmas, melloralas e adaptalas a regulamentación vixente.

O contrato, de natureza administrativa, se calificou como un contrato mixto de servizos e subministro dos regulados no artigo 12 do TRLCSP, comprendendo prestacións propias do contrato típico de servizos (artigo 10 TRLCSP) e do contrato de subministro (artigo 9 TRLCSP), sendo a prestación que máis importancia ten dende o punto de vista económico a de servizos (88,87% do prezo do contrato), polo que na súa adxudicación se rexe polas normas do contrato de servizos por ser as prestacións de mais importancia desde o punto de vista económico.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 22 de abril de 2016, acordou a adxudicación á UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, do procedemento aberto para a contratación do mantemento das instalacións de alumado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, expdte.15857/444, por un prezo total de adxudicación de 9.119.168,03 euros (IVE incluído) e catro anos.

3.- Con data 26 de xullo de 2016 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, polo cal o prazo deste contrato finaliza o vindeiro 26 de xullo do ano 2020.

4.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 7 de setembro de 2017, aprobou “a modificación do contrato para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, consistente en substituír ao responsable do contrato, xefe dos Servizos Enerxéticos polo xefe da Área de Investimentos. Con posterioridade, en data 2 de outubro de 2017 foi formalizado contrato modificando o apartado 1.C do Anexo I das FEC e procedéndose á modificación do responsable do contrato e notificándose ao contratista.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

1.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexe-ranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

2.- O artigo 23 do RD legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrência para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga



Concello de Vigo

acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

3.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de novembro de 2015, establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de catro anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

4.- En relación ao obxecto deste contrato e importante indicar que na actualidade o Concello de Vigo se atopa na fase de estudo de outras alternativas vinculadas a xestión do mantemento das instalacións do alumeado público viario, que tería unha incidencia determinante no servizo do alumeado público viario e o seu mantemento e, daquela, no obxecto do próximo contrato que se asine para a prestación deste servizo. Estas alternativas a estudar se atopan identificadas con liñas de axudas abertas polo IDAE "Instituto para a Diversificación e aforro da Enerxía", e de forma específica en relación a "medida 6. Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior", coa cal o Concello de Vigo solicitaría unha axuda relacionada coa renovación integral da rede de alumeado público a novas tecnoloxías LED.

Os prazos vinculados a esta convocatoria, veñen a establecer unha coincidencia directa coa xestión do actual contrato de mantemento das instalacións de alumeado público, xa que a intención inicial do proxecto ten como referencia para tomar a decisión da solicitude o primeiro semestre do ano 2020 e consecuentemente dita decisión definirá a principal xustificación da necesidade de prorrogar o actual contrato.

Neste intre, e obvio que a situación de tramitación do proxecto mencionado se atopa coas propias dificultadas técnicas para a determinación do alcance deste proxecto e ademais ditos traballos foron tamén afectados por todos os procesos derivados da situación excepcional provocada polo COVID-19 e as medidas extraordinarias vinculadas a delación do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Estes condicionantes teñen afectado de forma directa o calendario previsto para desenvolver a proposta en relación ao proxecto a presentar ao IDAE, polo cal as incertezas que se veñen producindo orientan a necesidade de propoñer unha prórroga do actual contrato vinculado ao expediente 15857/444 do servizo de MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO.

5.- A vista destes antecedentes, considérase conveniente propoñer a prórroga do actual contrato polo prazo dun ano, e deste modo, poder dar continuidade os estudos para a viabilidade do proxecto de renovación integral do alumeado público en relación ao IDAE e valorar os condicionantes e vantaxes que terá para o Concello de Vigo en relación a unha mellora da xestión do alumeado público.

6.- Na actualidade o contrato vinculado ao expediente 15857/444, atópase prestando coa normalidade que require o propio obxecto do mesmo, xa que afecta aos sistemas de mantemento e reparación de avarías dos sistemas de alumeados nos viais públicos e os túneles existente na cidade.

7.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 6 de xuño de 2019, acordou a última revisión do prezo do contrato, establecendo un importe anual con IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL TRESCENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.334.361,35 EUROS).

8.- En relación a proposta de prórroga con data 22 de abril de 2020, se lle notificou a UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, a proposta técnica para a tramitación da prórroga, solicitándolle a súa conformidade, e con data de 15 de maio recíbise no rexistro municipal (doc200058071) a conformidade coa proposta de prórroga.



Concello de Vigo

Canto á indicación mencionada pola UTE sobre a revisións do contrato pendentes de resolver, débese indicar que as mesmas se corresponden a actualización do inventario de puntos de luz e a súa aplicación definitiva. Dita cuestión atópase en fase de estudo xa que dito inventario require unha xustificación de acordo cos requirimentos determinados polos pregos deste contrato e tendo en conta o elevado número de puntos de luz (máis de 47 mil), o proceso require dun traballo moi específico para determinar e aprobar dito inventario, polo cal o proceso se atopa en trámite e de corresponder a revisión do prezo esta se realizará coa tramitación final da aprobación que corresponda da actualización definitiva do citado inventario.

III.- PROPOSTA DE PRORROGA:

1.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia para a aprobación da prórroga corresponde á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo.

2.- O período desta primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 27 de xullo de 2020 ao 26 de xullo de 2021.

3.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 6 de xuño de 2019, acordou a última revisión do prezo do contrato, establecendo un importe anual con IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL TRESCENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.334.361,35 EUROS), incluíndo as obrigas de inversións definidas no PCAP para cada anualidade.

4.- O importe do contrato para o período da prórroga imputarase á seguinte aplicación orzamentaria:

1650.227.99.03.- CONTRATO MANT. ILUMINACIÓN, TÚNEIS, GALERÍA, FONTE:

- ano 2020: 998.587,85 €
- ano 2021: 1.335.773,50 €
- Total: 2.334.361,35 €

5.- Consta no expediente, a conformidade da mercantil *UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU*, sobre a presente proposta de prórroga.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN, (EXPEDIENTE 15857/444), formalizado coa entidade mercantil *UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU. (UTE Luze Vigo, con CIF ESU27832096)*, polo período dun ano, comprendido dende o 27 de xullo de 2020 ata o 26 de xullo de 2021.

Segundo.- Autorizar o gasto do contrato de CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN, (EXPEDIENTE 15857/444) a favor da entidade mercantil *UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU. (UTE Luze Vigo, con CIF ESU27832096)*, polo importe de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL TRESCENTOS SESENTA E UN EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.334.361,35 EUROS) IVE engadido,), incluíndo as obrigas de inversións definidas no PCAP para cada anualidade.

O gasto será de aplicación ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual:

1650.227.99.03.- CONTRATO MANT. ILUMINACIÓN, TÚNEIS, GALERÍA, FONTE:

- ano 2020: 998.587,85 €
- ano 2021: 1.335.773,50 €
- Total: 2.334.361,35 €

Terceiro.- Notificar á mercantil *UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU. (UTE Luze Vigo, con CIF ESU27832096)*, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.



Concello de Vigo

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 29.2 do TRLCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(563).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMENTO DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS. EXPTE. 105/105.

Dáse conta do informe-proposta do 08/07/20, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais, a secretaria de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O artigo 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia atribúe ás entidades locais está a elaboración e aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais consonte ó previsto nas lexislacións galegas de prevención e extinción de incendios e de montes e cuxa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (art. 16.4)

Por Resolución da Alcaldía de delegación de competencias de data delegouse no concelleiro da Área de de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais delegado as facultades en materia de coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais: elaboración do Plan, ordenanzas e convenios de colaboración en materia de incendios forestais e ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 7.d), 21 a 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou normativa vixente que a substitúa así como calquera outra atribución da Alcaldía en relación coa prevención e defensa contra os incendios forestais prevista na referida Lei.

En data 11.10.2018 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de impulsar o procedemento para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, de conformidade co disposto no art. 16 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

En data 2.04.2020 a Xunta de Goberno local prestou aprobación definitiva ao “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Vigo -PMPDIF-”, asinado electronicamente polos técnicos competentes da entidade Cartoplan Atlántico, S.L. en datas 13 e 15 de setembro de 2019, por encargo da Concellería delegada da Área de

Parques e Xardíns, que incorpora a delimitación definitiva das redes secundarias de xestión da biomasa

Coa finalidade de seguimento do procedemento de elaboración e aprobación de dito plan e garantía da execución dos traballos materiais precisos a Xunta de Goberno Local de data 11.10.2018 acordou a constitución dunha Comisión Técnica de Seguimento do Plan formada por técnicos pertencentes aos departamentos ou servizos implicados por razón de competencia ou materia baixo a Presidencia do concelleiro delegado que asuma a responsabilidade da dirección e coordinación do proceso de elaboración e coordinación do Plan.

Como consecuencia dos cambios de persoal nos servizos administrativos implicados, sométese a Xunta de Goberno Local, como idéntico órgano municipal que o acordou, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar a composición dos membros da Comisión Técnica de Seguimento do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais resultando a seguinte:

Presidente.- O concelleiro delegado da Área de de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais, D. Ángel Rivas González..

Vogais

- O Xefe da Área de Servizos Xerais, D. Álvaro Crespo Casal
- O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, D. Secundino Otero Faílde
- Funcionario adscrito ao Servizo de Cartografía e Delineación, D. Antonio Aparedor Prieto
- O xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, D. Antonio Vivero Mijares
- A arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, Da Paula Martínez
- Vidal
- O técnico responsable de Administración Electrónica da Xerencia Municipal de Urbanismo,
- D. Pablo Sevilla Valcarcel

Actuará como secretaria a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña.

SEGUNDO - Dar traslado do presente acordo aos departamentos implicados, con notificación individual aos xefes/técnicos membros da Comisión Técnica de Seguimento do Plan, así como, proceder a súa publicación no Portal de Transparencia, Sede Electrónica e Intranet municipais para o seu xeral coñecemento.ç

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

19(564).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2020. EXPTE. 3382/330.

Dáse conta do informe-proposta de data 9/07/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, nos meses de XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO e XUÑO de 2020.

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
16075/331	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTENIMENTO PREVENTIVO DE ELEVADORES DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA PARA UN MÁXIMO DE CINCO REVISIÓNS MENSUAIS	Adxudicatario: A28791069 - KONE ELEVADORES, S.A.	859,10eur
16076/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTENIMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA POR UN MÁXIMO DE DÚAS REVISIÓNS TRIMESTRAIS	Adxudicatario: B15259765 - SISTEMAS SEGURIDADE A1, S.L.	2873,01eur
16081/331	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA A CASA GALEGA DA CULTURA	Adxudicatario: B87037883 - FLUGE GALICIA, S.L.	4961,00eur
16091/331	CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PANTALLAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL-EPIS PARA AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA, DE ACORDO COAS ORDES SND/399/2020 E SND/414/2020, PARA PREVENCIÓN DE CONTAXIO DE CORONAVIRUS SARS-COV2	Adxudicatario: B94081353 - CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L.	1179,78eur
16095/331	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTENIMENTO PREVENTIVO DE ELEVADORES DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA PARA UN MÁXIMO DE SEIS REVISIÓNS MENSUAIS	Adxudicatario: A28791069 - KONE ELEVADORES, S.A.	1030,92eur
16096/331	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DO PISO DO ELEVADOR DA BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL	Adxudicatario: A28791069 - ELEVADORES KONE, S.A.	325,87eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3154/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "BERNARDA" DA COMPAÑÍA MALASOMBRA, O VENRES 21 DE FEBREIRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B70195722 - MALASOMBRA PRODUCIÓNS S.L.	3290,99eur
3155/330	CONTRATACIÓN DO SERVIZO INFORMÁTICO DE VENDA DE ENTRADAS ONLINE DE CERTOS ESPECTÁCULOS DE ARTES ESCÉNICAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO NO ANO 2020	Adxudicatario: B66236878 - EVENTBRITE ES S.L.	6800,00eur
3156/330	CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA PUBLICITARIA DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NA REVISTA A MOVIDA DURANTE O ANO 2020	Adxudicatario: B27857366 - A MOVIDA CULTURAL S.L.L.	4537,50eur
3158/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "Y AHORA QUÉ?" DA COMPAÑÍA PUNTOCERO O DOMINGO 22 DE MARZO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B70037213 - PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.	4350,00eur
3161/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DA AXENDA CULTURAL DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA PARA INSERCIÓNS PUBLICITARIAS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN	Adxudicatario: B36614808 - ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.	5517,60eur
3162/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS DA AXENDA CULTURAL DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA NO SUPLEMENTO DOMINICAL "VIDA" DE ATLÁNTICO DIARIO	Adxudicatario: A36643674 - RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A.	17252,80eur
3165/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS DA AXENDA CULTURAL DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA NO SUPLEMENTO DOMINICAL DO XORNAL "LA REGIÓN"	Adxudicatario: A32100653 - LA REGIÓN, S.A.	18148,84eur
3167/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MENSAXERÍA E DISTRIBUCIÓN DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA	Adxudicatario: B36821494 - REPARTO GESTIÓN URGENTE, S.L.	500,00eur
3168/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO E DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA PARA UN MÁXIMO DE CINCO REVISIÓNS MENSUAIS	Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	2566,21eur



Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3169/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRENDA ESCRITA "FARO DE VIGO"	Adxudicatario: A36600815 - FARO DE VIGO, S.A.U.	380,00eur
3170/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRENDA ESCRITA "LA VOZ DE GALICIA"	Adxudicatario: A15000649 - LA VOZ DE GALICIA, S.A.	415,00eur
3174/330	CONTRATACIÓN DE SEIS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "MARGARITA" DA COMPAÑÍA TEATRO EN PUNTO, OS DÍAS 6 E 7 DE MARZO, A PARTIR DAS 21 HORAS, NOS CAMERÍNS DO AUDITORIO MUNICIPAL DENTRO DO PROGRAMA 3X3 INCLUÍDO NA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 32651525N - GLORIA MARÍA RICO GALÁN	2500,00eur
3175/330	CONTRATACIÓN DE SEIS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "PULSO" DA COMPAÑÍA TEATRO EN TRANCE, OS DÍAS 6 E 7 DE MARZO, A PARTIR DAS 21 HORAS, NO ESCENARIO DO AUDITORIO MUNICIPAL, DENTRO DO PROGRAMA 3X3 QUE ESTÁ INCLUIDO NA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 53114503M - PAULA SANMARTÍN JUNCAL	1250,70eur
3176/330	CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DE 77 FUNCIÓNS DE 25 COMPAÑÍAS ENTRE OS MESES DE XANEIRO A ABRIL, QUE TERÁN LUGAR NA RÚA DO PRÍNCIPE E NO AUDITORIO MUNICIPAL	Adxudicatario: B27793728 - SOLIMUSIC EVENTS	11322,09eur
3177/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO GRUPO ELECTRÓXENO DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO E DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS A ÁREA DE CULTURA POR UN MÁXIMO DE DÚAS REVISIÓNS TRIMESTRAIS	Adxudicatario: B36977254 - ELECTRONAVIA INSTALACIÓES Y MANTENIMIENTO, S.L.	556,60eur
3179/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASEOLEO PARA CALDEIRA DE CALEFACCIÓN DOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA	Adxudicatario: B36736049 - GASÓLEOS AMIGO, S.L.	15056,64eur
3188/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DA EXPOSICIÓN "A CULTURA AFRICANA" NO VERBUM	Adxudicatario: 34897305A - SONIA Mª OTERO GONZÁLEZ	2565,20eur
3194/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DE PORTAS CORREDOIRAS AUTOMÁTICAS DOS CENTROS ADSCRITOS Á CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA (BIBLIOTECAS PÚBLICAS E EQUIPAMENTOS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS)	Adxudicatario: B36650992 - ASCENSORES ENOR, S.L.	526,34eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3197/330	CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA PUBLICITARIA DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DA CONCELLERÍA DE CULTURA NA REVISTA ERREGUETÉ	Adxudicatario: G36209062 - ASOCIACIÓN CULTURAL ENTRE BAMBALI	1936,00eur
3198/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COORDINACIÓN E VISITAS GUIADAS DA EXPOSICIÓN ?A CULTURA AFRICANA? A REALIZAR NO VERBUM	Adxudicatario: G36790046 - SOCIAÇÃO EMIGRANTES SENEGALESES	6500,00eur
3204/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "PLAY" DA COMPAÑÍA ARACALADANZA, O DOMINGO 1 DE MARZO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B84908979 - ARACALADANZA S.L.	8295,00eur
3207/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS PARA A RESOLUCIÓN DE AVARIAS NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA (BIBLIOTECAS PÚBLICAS E AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO)	Adxudicatario: 36130547P - JOSE MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ	12441,00eur
3229/330			
3242/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NO VERBUM	Adxudicatario: B36977254 - ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L.	191,85eur
3243/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SUSTITUCIÓN DO VARIADOR DE FRECUENCIA DO MOTOR DO ELEVADOR NA PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	Adxudicatario: B36650992 - ASCENSORES ENOR, S.L.	1045,37eur
3248/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "JON BRAUN" DA COMPAÑÍA ANITA MARAVILLAS, O DOMINGO 29 DE NOVIEMBRE, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B95334652 - PORTAL 71 PRODUCCIONES CULTURALES	3932,50eur
3249/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "CALOR" DA COMPAÑÍA JEAN PHILIPPE KIKOLAS, O VENRES 9 DE OUTUBRO ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 71927313B - ENRIQUE MÉNDEZ MARTÍN	2619,32eur



Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3250/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "NO SIN MIS HUESOS" DA COMPAÑÍA IRON SKULLS CO. O VENRES 20 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: G66210634 - IRON SKULLS CO	5989,50eur
3251/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "BLANCANIEVES" DA COMPAÑÍA LUNA TEATRO DANZA O DOMINGO 22 DE NOVEMBRO ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 50321710 - PABLO VERGNE QUIROGA	2299,00eur
3258/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO " MÉDULA" DA CÍA. EXIRE O SÁBADO 25 DE ABRIL, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B70206008 - ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL S.L.	2750,00eur
3264/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA O SUBMINISTRO DE DISPENSADORES E GEL HIDROALCOLICO PARA CUMPRIMENTO DO INFORME DO SPRL POR RISCO BIOLÓXICO CORONAVIRUS 2019 N-CPOV NAS DEPENDENCIAS ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA	Adxudicatario: B27815539 - SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	940,39eur
3270/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DE REPARACIÓNS VARIAS NO EQUIPAMENTO DO VERBUM	Adxudicatario: 36130547P - JOSE MANUEL MUÍÑOS RODRÍGUEZ	1045,44eur
3275/330	CONTRATACIÓN DA ESTREA DO ESPECTÁCULO "12 UVAS, 2 MULLERES E 1 OLIVA" DA COMPAÑÍA OLIVAS NEGRAS, O SÁBADO 18 DE ABRIL, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 53190571N - SONSOLES CORDÓN TRONCOSO	1600,00eur
3280/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ROCK CIRK" DA COMPAÑÍA ROLABOLA, O DOMINGO 8 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B92184266 - ROLABOLA TEATRO S.L.	4477,00eur
3304/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "DISTANS" DA COMPAÑÍA VOL'E TEMPS, O DOMINGO 11 DE OUTUBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 46781432F - ALBERT MONCUNILL FERRER	3630,00eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3316/330	CONTRATACIÓN DO DESEÑO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA WEB "CONFINARTE CON CULTURA" CO OBXECTO DE DIFUNDIR A CREACIÓN ARTÍSTICA DE ARTISTAS VIGUESES DURANTE O CONFINAMENTO PROVOCADO POLO ESTADO DE ALARMA CONSECUENCIA DA PANDEMIA ORIXINADA POLO COVI	Adxudicatario: B36620151 - PUBLIGAL S.L.	8349,00eur
3344/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "O EMPAPELADO AMARELO" DA COMPAÑÍA A QUINTA DO CUADRANTE, O VENRES 2 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 44453930J - VENANCIO RODRIGUEZ ASOREY	1650,00eur
3345/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "PYKA" DA COMPAÑÍA CINEMA STICADO O SÁBADO 3 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 76719547B - ELENA VARELA BARRIO	2800,00eur
3346/330	CONTRATACIÓN DE TRES PASES DO ESPECTÁCULO PARA BEBÉS "CRASSH BABIES 2.0" DA COMPAÑÍA WE TUM TUM, O DOMINGO 4 DE OUTUBRO, ÁS 11:30, 13:00 E 18:00 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 33291564F - MARÍA JOSEFA MARIÑO CARREIRA	2904,00eur
3348/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "DREAMING JULIET" DA COMPAÑÍA ELEFANTE ELEGANTE, O VENRES 16 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNIICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: J70223680 - ELEFANTE ELEGANTE SC	3850,00eur
3349/330	CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL HIXIÉNICO E DE SEGURIDADE EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS E AUDITORIO MUNICIPAL ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA, DE ACORDO COAS ORDES SND/399/2020 E SND/414/2020, PARA PREVENCIÓN DE CONTAXIO DE CORONAVIRUS SARS-COV2	Adxudicatario: B27815539 - SUBMINISTROS PUNTO FIJO SL	5376,37eur
3350/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "HAMLET" DA COMPANHIA DO CHAPITÔ, O SÁBADO 24 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 34780504L - CÉSAR BARTOLOMÉ ARIAS BARRIENTOS	7961,80eur



Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3351/330	CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI" DA COMPAÑÍA TEATRO DO ATLÁNTICO, O VENRES 30 E O SÁBADO 31 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B70198239 - ATLÁNTICO PRODUCCIÓNS TEATRAIS S.	7260,00eur
3352/330	CONTRATACIÓN DA ESTREA DO ESPECTÁCULO "FEMINÍSSIMAS" DA COMPAÑÍA DE STE XEITO PRODUCCIONES, O VENRES 13 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: X1889405R - STEPHANIE MAYBELLE LLARYORA	2850,00eur
3356/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE ENFRIADORA PARA O VERBUM - CASA DAS PALABRAS	Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	12321,03eur
3362/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "O PREMIO" DE LA QUINTANA TEATRO, O VENRES 6 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA.	Adxudicatario: 4896140Z - VICTORIA TEIJEIRO ÁLVAREZ	3100,00eur
3363/330	CONTRATACIÓN DA ESTREA MUNDIAL DO ESPECTÁCULO "O FIANDÓN" DA COMPAÑÍA TEATRO AFORO, O DOMINGO 13 DE DECEMBRO, ÁS 12 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: G36843936 - ASOCIACIÓN CULTURAL AFORO	1500,00eur
3368/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "VIAJE AL CENTRO DEL CUERPO HUMANO DA COMPAÑÍA SPASMO TEATRO", O DOMINGO 1 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA.	Adxudicatario: B37391737 - SPASMO TEATRO S.L.	3872,00eur
3370/330	CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO THE ÓPERA LOCOS DA COMPAÑÍA YLLANA, O VENRES 27 E O SÁBADO 28 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA.	Adxudicatario: A87755617 - KLEMARK ESPECTÁCULOS TEATRALES S.	18150,00eur
3384/330	CONTRATACIÓN DE DOUS PASES DO ESPECTÁCULO "ULTERIOR. EL VIAJE" DA COMPAÑÍA TIRITIRANTES CIRCO TEATRO, O SÁBADO 26 DE SETEMBRO, ÁS 19 E 20 HORAS RESPECTIVAMENTE, NA RÚA DO PRÍNCIPE, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: F0951458 - TIRITIRANTES CIRCO TEATRO SOCIEDAD	6050,00eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3385/330	CONTRATACIÓN DUN PASE DO ESPECTÁCULO "FLUX" DA COMPAÑÍA TIRITIRANTES CIRCO-TEATRO, O VENRES 25 DE SETEMBRO, ÁS 19 HORAS, NA RÚA DO PRÍNCIPE, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B37374733 - ZANGUANGO TEATRO PRODUCCIONES S.L	5989,50eur
3386/330	CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO THE ÓPERA LOCOS DA COMPAÑÍA YLLANA, O VENRES 27 E O SÁBADO 28 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: P3605700H - KLEMARK ESPECTÁCULOS TEATRALES SA	18148,79eur

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(565).- APROBACION DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA AOD A-3-10 ESTURÁNS-POLÍGONO II. EXPTE 5250/401.

Dáse conta informe-proposta do 02/07/2020 asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e o xefe de Urbanización e Infraestructuras, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I.- A Xunta de goberno local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 27 de febreiro de 2020, de conformidade e en base á proposta subscrita o 14.02.2020 pola Técnica de Admón Xeral adscrita á Área de desenvolvemento urbanístico, co conforme do xefe de urbanización e infraestructuras da mesma data, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, *Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prazadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscrita por EAM - "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, da*



Concello de Vigo

que se extracta a continuación o seu contido íntegro para unha maior comprensión do sentido do acordo adoptado:

"(...) ANTECEDENTES E FEITOS

I.- Con data do 24.07.2019 tiña entrada no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU), senllos escritos achegados pola entidade "Prazadouro, SL", (CIF B36835569) baixo os COD.SOL.: W364125-2649, COD. SOL.: W364129-6409, COD. SOL.: W364136-5558, COD. SOL.: W364137-9385, e COD. SOL.: W364140-55, polos que, solicita a convalidación, reactivación ou homologación dos acordos adoptados no expediente 4856/401, ou ben unha nova aprobación do proxecto de urbanización do polígono II da APR A-3-10 ESTURÁNS que permita a execución material da urbanización de referencia, e aos que xunta diversa documentación consistente en: Estudo de seguridade e saúde, Memoria, planimetría, pregos, e orzamento, datada en marzo de 2013, e redactada por "Ingeniería e análise Medioambiental" EAM, e que xa constaba incorporada ao expediente 4856/401.

II.- Examinada a antedita documentación, con data do 04.09.2019 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas, emite informe técnico, co seguinte teor literal,

"(...) El 24/07/2019 la entidad Mercantil PRAZADOURO S.L. en presenta para su tramitación el proyecto de Urbanización de la ordenación detallada AOD A-3-10 "ESTURANS", (documentos 190115837, 190115858, 190115865, 190115877, 190115879) Este proyecto ha sido Redactado por INGENIERIA E ANALISE MEDIOAMBIENTAL EAM con fecha mayo de 2013.

Este proyecto ya fue presentado el 16 de mayo de 2013, al amparo del PXOM 2008, como proyecto de urbanización del Polígono 2 del APR A-3-10, en su momento este departamento informó favorablemente al proyecto. En el Anexo 3. Ordenaciones Detalladas. SUNC. AODS, Refleja la ordenación detallada AOD A-3-10 "ESTURANS", Polígono II, con una memoria, planos, certificación del pleno 07/12/2012 del proyecto de equidistribución y el Informe de viabilidad funcional de las infraestructuras de los servicios técnicos de la Gerencia M. de Urbanismo. En este Informe de viabilidad funcional de las infraestructuras, imputa parcialmente el sistema secundario de Pluviales SX-PLU2.16,001, con una cuota de participación del 11,847%, (112.374,75 €), asimismo también manifestaba la necesidad de tener en funcionamiento al 100% los sistemas secundarios de Pluviales SX-PLU2.16,001 y SX-PLU2.15,001, indicando que las aguas pluviales generadas por el propio ámbito, así como las de la cuenca a cota superior serán resueltas en el proyecto de urbanización y conectadas a los sistemas generales anteriores. Asimismo imputa como una carga urbanística al ámbito (los dos polígonos) una serie de sistemas generales y secundarios que valora en 305.141,45€ (para los dos polígonos).

La necesidad de resolver la conexión de las aguas pluviales del ámbito y de posibles aportaciones de cotas superiores de esta cuenca sigue siendo una realidad, no así los sistemas generales antes mencionados, pues no está vigente el PXOM 2008, por lo que no sería siquiera viable determinar en que se

materializa el 11,847% del SX-PLU2.16,001, pues es un porcentaje de participación, no un tramo concreto.

Por esta razón, este técnico considera que se debe dar una solución a la evacuación de estas aguas pluviales desde el final del ámbito hasta los sistemas generales existentes, es decir, desde la calle Tomás A. Alonso hasta el colector de margen de ría en la calle Orillamar.

Por lo tanto, para poder continuar con la tramitación del proyecto de urbanización, se debe redactar un proyecto complementario de conexión de la red de pluviales al sistema general existente, proyecto que discurre por calles de titularidad pública y externas al ámbito.

III.- Dando cumprimento ao solicitado na conclusión do antedito informe técnico municipal, con data do 18.09.2019 a entidade promotora, presenta senllos impresos de solicitudes no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, cos COD. SOL.: W374477-4889, W374480-7442, W374484-8749, W374489-1253, W374491-3205, W374494-7746 e W374510-1874, aos que xunta o documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de caminos, canales e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019.

IV.- A vista da documentación achegada pola promotora referida no parágrafo anterior, con data do 24.09.2019 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas, subscribe novo informe, de carácter favorable, no que conclúe que, "(...) después de revisar el proyecto presentado se informa que el mismo define correctamente las obras necesarias para esta conexión de las aguas pluviales de la cuenca de aportación con el colector de margen de ría. Por lo tanto este técnico considera que se puede continuar con la tramitación de la urbanización de la ordenación detallada.

V.- Remitido o expediente a informe da Técnico de medio ambiente adscrita ao servizo de planeamento e xestión, no ámbito das súas competencias e, no que atinxe ao trámite ambiental a seguir no presente procedemento, con data do 29.10.2019 emite o mesmo, no que conclúe, consultar ao órgano ambiental sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da AOD A-3-10 Esturáns (polígono II, e do que se extracta a continuación o seu contido íntegro:

"(...) Con data 24.07.2019 tivo entrada telemática no Rexistro da XMU (doc. 190115837) a solicitude de convalidación, reactivación ou homologación dos acordos adoptados no expediente 4856/401, ou ben nova aprobación do proxecto de urbanización do polígono II da APR A-3-10 Esturáns, por parte de D. Marcos Álvarez Rodríguez en representación da mercantil PRAZADOURO, S.L.

O polígono II da área de ordenación detallada A-3-10 Esturáns atópase incluída no Instrumento de Medidas Provisionais de Ordenación de Vigo (IOP), previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019.

Trámites de avaliación de impacto ambiental

O xa derogado Real Decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se



Concello de Vigo

desenvolvía o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, incluía os proxectos de urbanización no seu grupo 7.b do anexo II: "Proxectos de urbanizacións, incluía a construción de centros comerciais e aparcamentos".

Esta redacción foi modificada na vixente Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (grupo 7.b do anexo II): "Proxectos situados fóra de áreas urbanizadas de urbanizacións, incluída a construción de centros comerciais e aparcamentos e que en superficie ocupen máis de 1 ha".

Características do proxecto

A Ordenación Detallada deste ámbito, denominada no vixente Instrumento de Ordenación Provisional Área de Ordenación Detallada A-3-10 ESTURÁNS POLÍGONO II, correspóndese coa ordenación detalla prevista para o ámbito de solo urbano consolidado APR A-3-10 ESTURÁNS que o PXOM de Vigo 2008 (anulado por STS do 10.11.2015) incorporaba á súa documentación. Dita ordenación detallada delimitaba dous polígonos, o que nos ocupa neste expediente é o denominado polígono nº 2, que é o que se incorporou ao IOP. A superficie deste polígono abranxe 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como superficie total do ámbito de solo urbano non consolidado delimitado polo anulado PXOM 2008.

Os terreos delimitados por este polígono 2, presentan unha orientación norte, cunha pendente uniforme e suave de sur ao norte. Na zona leste do polígono é onde se acadan as maiores pendentes, cunha media aproximada dun 7 %. A parte situada ao oeste da rúa Esturáns ten unhas pendentes moito máis suaves.

O proxecto de urbanización contén a apertura de dous novos viais e a reurbanización do camiño Esturáns. Tamén se proxecta a creación dunha nova zona verde na parte sur do polígono.

O Plan Xeral determina como Uso Global Característico o Residencial, que a Ordenación Detallada desagrega nos Usos Pormenorizados de: Residencial Clase Vivenda, Categoría 2ª; o Residencial Libre e Categoría 2ª de Vivendas Acollidas a algún Réxime de Protección, e o Uso Transportes, Clase Servizos Públicos, Categoría 6ª (estación de servizo), nos termos, condicións e coeficientes de ponderacións establecidos na súa Memoria.

No seguinte enlace pode descargarse a documentación relativa á AOD A-3-10 ESTURÁNS POLÍGONO II (Memoria, anexo documental e planos), incluída na IOP:

http://xmu.vigo.org/docs/IOP_20190724/IOPv5_navegable_s/index.htm

Polo que antecede, consúltase ao órgano ambiental sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da AOD A-3-10 Esturáns (polígono II)

VI.- En cumprimento do antedito informe ambiental, con data do 04.11.2019 (not. núm. 11713-2019), e mediante oficio suscrito pola Vicepresidenta desta XMU, remitíase o mesmo ao órgano ambiental da Xunta de Galicia, - isto é a Dirección Xeral de calidade ambiental e cambio climático, solicitando, o pronunciamento sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da Área de Ordenación Detallada A-3-10 ESTURÁNS POLÍGONO II, incluída no Instrumento de Medidas Provisionais de Ordenación de Vigo, previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019. (...)"

VII.- Neste estado da tramitación, e ante a discrepancia manifestada pola entidade promotora ao concluído no informe suscrito con data do 20.11.2019 polo xefe do servizo de urbanización de proxectos da dirección xeral de calidade

ambiental e cambio climático, e que consta no expediente de razón notificado con data do 21.11.2019, a dita entidade “Prazadouro, SL” solicita desta servizo de Desenvolvemento urbanístico, mediante escrito inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 10.12.2019 (COD. SOL.- W403820-1929), certificación acreditativa da inclusión do ámbito urbanístico do polígono II DA AOD A-3-10 ESTURANS, dentro do Instrumento de ordenación provisional vixente no Concello de Vigo, detallando a súa calificación urbanística, excluínte de calquera uso vinculado a un centro comercial, para a súa posterior remisión á Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático da Xunta de Galicia, con referencia clave 2019/0154; En cumprimento do mesmo, con data do 11.12.2019 a arquitecta municipal da XMU adscrita ao servizo de desenvolvemento urbanístico emite informe urbanístico en atención á dilixencia suscrita polo servizo de urbanización e infraestruturas, e que foi certificado polo secretario desta XMU con data do 11.12.2019 co visto e prace da Vicepresidenta desta XMU.

VIII.- Así as cousas, mediante oficio desta Vicepresidenta da XMU do 12.12.2019 (Not. Núm. 13558-2019), e en cumprimento do peticionado pola entidade promotora- segundo o exposto no parágrafo anterior- déuselle traslado á Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático do escrito presentado por “Prazadouro, SL”, con data do 02.12.2019, do proxecto de urbanización do polígono II da OAD A-3-10 Esturáns, así como a certificación do secretario desta XMU de data 11.12.2019, solicitando en cumprimento do peticionado pola propiedade que, se proceda á revisión do resolto por esa Dirección xeral en informe do 20.11.2019.

IX.- Con data do 20.01.2020 tiña entrada no rexistro desta XMU, a través do sistema ORVE, co núm. De rexistro REGAGE20e00000261030, un oficio da Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático, ao que xunta informe suscrito polo xefe do servizo de avaliación ambiental de proxectos de data 16.01.2020, que se incorpora e forma parte do presente expediente, e no que entre outras consideracións, e logo de revisar a documentación remitida pola XMU do Concello de Vigo, conclúe que, o proxecto se localiza nun ámbito de solo urbano non consolidado inserido na malla urbana da cidade de Vigo, contando con servizos e infraestruturas para satisfacer as demandas dos usos e edificacións existentes; Así mesmo o proxecto non afecta a ningún espazo natural da Rede Natura 2000 ou sometido a algún réxime de protección establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e que o proxecto non está incluído en ningún dos supostos aos que se refire o artigo 7 “Ámbito de aplicación de avaliación de impacto ambiental” da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, e polo tanto, **informase que non é preciso o seu sometemento ao trámite de avaliación de impacto ambiental.**

Do dito informe déuselle traslado á entidade promotora mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU do 20.01.2020 (Not. Núm. 213-2020), e que consta no expediente debidamente notificada con data do 22.01.2020.

X.- Finalmente, con data do 27.01.2020 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas e en cumprimento do requirido na dilixencia



Concello de Vigo

subscrita pola xefatura do dito servizo o 24.01.2020, emite novo informe, co seguinte teor literal, "(...)"

- *El contenido documental del proyecto de urbanización del APR A-3-10 de marzo de 2013 contiene los documentos requeridos en el artículo 225 del Decreto 143/2016 de 22 de septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.*
- *Como de todos es sabido, el instrumento de medidas provisionales de ordenación previsto en el artículo 88 de la ley 2/2017, exp. 16022/411, no permite modificar ningún parámetro de lo dispuesto en los instrumentos de planeamiento de desarrollo que tuviesen algún tipo de aprobación, por lo tanto es evidente que se cumplen las condiciones de arbolado, zonas verdes, accesibilidad, aparcamiento,...dispuestas en el proyecto, pues se trata del mismo ya aprobado (polígono II) al amparo del PXOM 2008, ya que cualquier alteración en el mismo incumpliría el objeto de tal instrumento de ordenación provisional.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- *Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,*
- *Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,*
- *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- *PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Concello Xunta de Galicia do 29.04.1993).*
- *Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)*
- *Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)*

- *Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)*
- *O resto da disposicións que poidan afectar*

II.- O Obxecto do Instrumento de ordenación provisional (IOP)

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén cun novo PXOM definitivamente aprobado.

Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes



Concello de Vigo

1 e o **polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns**), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

Deste xeito e no que aquí nos ocupa, traemos a colación o disposto no Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

Compre indicar, que as características e resto de parámetros descritos no "Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) - aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, resultan de obrigado cumprimento e de aplicación ao dito proxecto de urbanización, en atención á nova realidade existente, isto é, a recuperación da súa ordenación detallada, nos termos expostos nas alíneas precedentes.

III.- Proxecto de urbanización.

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe "execución e conservación de obras de urbanización," dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de

obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, coas características e resto de parámetros descritos no "Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) - aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro técnico de obras públicas desta XMU en informes do 24.09.2019 e 27.01.2020, respectivamente.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzam5250-ento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas en data 23.11.2012 informa que "(...) Constan en el expediente informes de los departamentos municipales de tráfico, electromecánicos, jardines y limpieza en los que hacen una serie de puntualizaciones en distintos aspectos de las instalaciones de su competencia que han sido tenidas en cuenta en su totalidad y se han incluido en la segunda revisión del proyecto de noviembre de 2012. El proyecto cumple con las vigentes NNUU del PXOM, con el decreto 35/2000 de accesibilidad y la orden VIV/561/2010 de 1 de febrero sobre condiciones básicas de accesibilidad y utilización de los espacios públicos urbanizados. (...)".

Asemade, e á vista da nova documentación achegada pola propiedade, obran no expediente informes do enxeñeiro civil da Oficina de urbanización e infraestruturas de



Concello de Vigo

datas 24.09.2019 e 27.01.2020, que conclúen que o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Instrumento de ordenación provisional que contén a ordenación detallada, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos, como o que nos ocupa.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

Lémbrese que, ao se tratar dun sistema de actuación indirecto, con carácter anterior ao inicio das obras de urbanización, a promotora deberá prestar ante o municipio a garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 10 % do orzamento de execución material do proxecto.

No caso de que se pretenda simultanear as obras de edificación coas de urbanización, a propiedade deberá presentar aval polo 100% do P.E.C.

Asemade, deberanse redactar e elevar a esta XMU os estatutos dunha entidade de conservación das obras de urbanización, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto, dado que o instrumento que se desenvolve (IOP) e que recupera a ordenación prevista no PXOM/2008 conteñen a previsión da constitución dunha entidade de conservación da obra urbanizadora; entidade á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

VI.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar posteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente subscritos con datas do 24.09.2019 e 27.01.2020, e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao “Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade “Prazadouro, SL”, documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como “reformado” coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscrita por EAM – “Enxeñería e análise medioambiental”- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado “Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS”, redactado por “Urbing ingenieria”, e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.

Segundo.- Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao presente expediente e a que se presta aprobación inicial, sometese a información pública o presente proxecto de urbanización, segundo o exposto no parágrafo anterior, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia e no “Taboleiro de Edictos” da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo-computándose o remate



Concello de Vigo

do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

Terceiro.- *Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, ao abeiro do disposto no artigo 226.4 do RLSG, os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos, de ser o caso.*

Cuarto.- *Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan, e requirir a “Prazadouro, SL” para que se proceda a redactar e achegar a esta XMU, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, coa advertencia de que, unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización.*

II.- Deste xeito, e en cumprimento do acordado, someteuse o expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente prazo de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de anuncios no BOP, de data 5 de marzo de 2020 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 6 de marzo de 2020; Asemade, o expediente completo con toda a documentación integrante do mesmo, estivo exposto no taboleiro de anuncios da Xerencia municipal de Urbanismo dende o 2 de marzo de 2020 ata o 25 de xuño de 2020.

Compre indicar, que do ata aquí tramitado, e no que atinxe ao referido período de exposición pública- do 2 de marzo de 2020 ata o 25 de xuño de 2020-, amplamente superior ao mes establecido polo artigo 96.3 da Lei do solo de Galicia, ven xustificada pola declaración do Estado de alarma con data do 14 de marzo de 2020, operada polo RD 463/2020, polo que se suspenderon os prazos administrativos, ata a publicación do RD 573/2020, do 22 de maio, polo que se alza dita suspensión. Neste contexto, procedeuse a recalcular o dito prazo de exposición pública, para o cal, seguiuase a regra xeral do artigo 30.2 da Lei 39/2015, seguindo a instrución da Avogacía do Estado que se inclina por días hábiles citando a STSX de Madrid do 20 de decembro de 2009.

III.- Con data do 29.06.2020 a xefa da oficina do Rexistro da XMU, emite dilixencia para facer constar que, o anuncio “Proxecto de Urbanización da AOD A-3-10 Esturáns Polígono II”, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 44, de data 5 de marzo de 2020 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro

de Vigo) con data do 6 de marzo de 2020, estivo exposto no taboleiro de anuncios da Xerencia municipal de Urbanismo dende o 5 de marzo de 2020 ata o 25 de xuño de 2020.

O período de exposición pública, superior ao mes establecido no artigo 96.3 da Lei do solo de Galicia, ven xustificada pola declaración do Estado de alarma con data do 14 de marzo de 2020, operada polo RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se suspenden os prazos administrativos, ata a publicación do RD 573/2020, polo que se alza dita suspensión. Neste contexto, procedeuse a recalcular o dito prazo dun mes, para o cal, seguiuase a regra xeral do artigo 30.2 da Lei 39/2015, seguindo a instrución da Avogacía do Estado que se inclina por días hábiles citando a STSX de Madrid do 20 de decembro de 2009.

Durante o dito período non se presentaron escritos de alegacións.

En base a mesma con data do 29.06.2020 o Secretario da XMU expide certificación co visto e prace da Vicepresidenta desta XMU na que se fai constar, aos efectos da unión ao expediente de razón, a non emisión de escritos de alegacións ao presente procedemento.

IV.- Pola súa banda, e no que atinxe ás garantías legais a impoñer no presente procedemento, con data do 25.06.2020 o enxeñeiro xefe da área de urbanización e infraestruturas emite informe a dito respecto, que se incorpora e forma parte do presente expediente, do seguinte teor literal,

“(…) De conformidade con el Art., 96 de la Ley 2/2016 de 10 de Febrero del Suelo de Galicia, procede imponer aval en la cuantía del 100% del coste de Ejecución Material de las obras de urbanización ligadas al desarrollo del ámbito urbanístico del expediente de referencia, para garantizar la ejecución simultánea de edificación y urbanización, que asciende a la cantidad de 835.781,90€.

V.- Con data do 30.06.2020, co Cod. Sol. W4460009-9181 a entidade “Prazadouro, SL” insire no rexistro electrónico do Concello de Vigo, documentación consistente nos Estatutos da Entidade urbanística de conservación do Polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, dando cumprimento ao disposto no acordo de aprobación inicial no expediente de razón.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,



Concello de Vigo

- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II.- O Obxecto do Instrumento de ordenación provisional (IOP)

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por

acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén cun novo PXOM definitivamente aprobado.

Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o **polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns**), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

No Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvólvese polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.



Concello de Vigo

Compre indicar, que as características e resto de parámetros descritos no “Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) – aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, resultan de obrigado cumprimento e de aplicación ao dito proxecto de urbanización, en atención á nova realidade existente, isto é, a recuperación da súa ordenación detallada, nos termos expostos nas alíneas precedentes.

III.- Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, coas características e resto de parámetros descritos no “Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) – aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro técnico de obras públicas desta XMU en informes do 24.09.2019 e 27.01.2020, respectivamente.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

En relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas en data 23.11.2012 informa que *“(...) Constan en el expediente informes de los departamentos municipales de tráfico, electromecánicos, jardines y limpieza en los que hacen una serie de puntualizaciones en distintos aspectos de las instalaciones de su competencia que han sido tenidas en cuenta en su totalidad y se han incluido en la segunda revisión del proyecto de noviembre de 2012. El proyecto cumple con las vigentes NNUU del PXOM, con el decreto 35/2000 de accesibilidad y la orden VIV/561/2010 de 1 de febrero sobre condiciones básicas de accesibilidad y utilización de los espacios públicos urbanizados. (...)”*.

Asemade, e á vista da nova documentación achegada pola propiedade, obran no expediente informes do enxeñeiro civil da Oficina de urbanización e infraestruturas de datas 24.09.2019 e 27.01.2020, que conclúen que o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan á presente proposta de aprobación definitiva e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Instrumento de ordenación provisional que contén a ordenación detallada, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

Pola súa banda, sinálase que, este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos, como o que nos ocupa.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados; Durante a fase de



Concello de Vigo

información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos;

Á vista do resultado da información pública, - do xeito e co resultado reflectido no relato de feitos da presente- o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

VI.- Constitución das garantías precisas

Resulta de aplicación a este respecto o previsto no artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, así como o pautado polo artigo 96 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Con data do 25.06.2020 o enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas emite informe verbo da procedencia da imposición de constitución de garantía no presente procedemento, por un importe do 100% do custo de execución material das obras de urbanización, para garantir a execución simultánea de edificación e urbanización , pola cantidade de (835.781, 90 €).

Esta garantía deberá constituírse no prazo máximo de 6 meses dende a aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, mediante calquera dos mecanismos previstos na vixente lexislación de contratos das administracións públicas (ou norma que nun futuro a substitúa, de ser o caso); Cancelándose a mesma unha vez recibida a urbanización e a recepción das obras, e transcorrido o preceptivo prazo de garantía (1 ano).

O incumprimento polo promotor das obrigacións de urbanización, así como do prazo de garantía, provocará a incautación por parte do municipio da garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010.

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente subscritos con datas do 24.09.2019 e 27.01.2020, que se incorporan e forman parte do presente expediente, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, proponse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Ratificar definitivamente o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prazadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de

Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como “reformado” coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter definitivo a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscribida por EAM - “Enxeñería e análise medioambiental”- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como prestar aprobación definitiva ao documento nomeado **“Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS”**, redactado por “Urbing ingeniería”, e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.

Segundo.- Subsecuentemente, e aos efectos de que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de seis (6) meses, dende a aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, a entidade “Prazadouro, SL” deberá proceder a depositar garantía por importe do 100% do custe de execución material das obras de urbanización ligadas ao desenvolvemento do presente ámbito urbanístico, para garantir a execución simultánea da edificación e urbanización, polo importe de 835.781,90€, segundo o informado polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas con data do 25.06.2020.

Terceiro.- Advírteselle á promotora de que, tralo estudo por esta administración do proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, inserido no rexistro electrónico do concello de Vigo con data do 30.06.2020, co Cod. Sol. W4460009-9181, (Exp.5257/401) consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, e unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización, á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

Cuarto.- Notificar o contido íntegro do presente acordo ao propietario do ámbito e a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao departamentos de tráfico, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.



Concello de Vigo

Con data 07/07/2020 o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismos acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Corrección de erro no acordo de adxudicación do contrato do servizo de información cidadá 010 os sábados, domingos e festivos, para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo covid-19, por tramitación de emerxencia. expte. 6476/241.
- .- Dar conta da Resolución nº 99/2020 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Expte. 12887/446.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

21(566).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ 010 OS SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS, PARA ATENDER ÁS NECESIDADES DERIVADAS DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA XERADA POLO COVID-19, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 6476/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

–Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

–Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de abril de 2020 adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Adxudicación do contrato de prestación de servizo de información cidadá 010 os sábados, domingos e festivos en horario de 08.00h a 20.00h, para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19, á empresa GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP. As características do contrato son as seguintes:

- *O obxecto do presente contrato é a prestación de servizo de información cidadá 010 os sábados, domingos e festivos en horario de 08.00h a 20.00h, para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19*
- *O prezo/hora segundo o II Convenio colectivo de ámbito estatal del sector de contact center (antes telemarketing) («BOE» núm. 165, de 12 de julio de 2017) é de:*
 - *Responsable do servizo: 23,25 €/hora extra sábado*
 - *Teleoperador/a especialista: 16,41 €/hora extra sábado*
 - *Teleoperador/a especialista: 19,75 €/hora extra domingo*
 - *Teleoperador/a especialista: 33,40 €/hora extra festivo*
- *Forma de pago: o prezo aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura.*
- *O prazo de execución comezará o día de adxudicación do contrato e rematará cando finalice a crise sanitaria xerada polo COVID-19 ou ben transcorridos 3 meses a contar dende o inicio do contrato, ata un importe máximo de 6.746,52 euros (IVE engadido).*
- *Neste contrato, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.*



Concello de Vigo

- *As características técnicas serán as recollidas no prego de prescricións técnicas incorporado ao expediente 3574-321 de "SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010".*

2º.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 9240 2279902 do estado de gastos do vixente orzamento municipal, do crédito necesario para facer fronte ao gasto que se deriva do presente expediente".

II. Con data do 16 de xullo de 2020, a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local remite ao Servizo de Contratación a dilixencia que deseguido se transcribe:

"Advertiuse erro na memoria xustificativa e no acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 24 de abril de 2020 do CONTRATO DE SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ 010 OS SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS, PARA ATENDER ÁS NECESIDADES DERIVADAS DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA XERADA POLO COVID-19, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA (EXPTE. 3875/321), que reflicte un importe máximo de 6.746,52 euros (IVE engadido) cando debería reflectir (sen IVE), e que cómpre corrixir para poder abonar o orzamento achegado pola adxudicataria en cumprimento do prezo/hora establecido no convenio de aplicación (II Convenio colectivo de ámbito estatal del sector de contact center (antes telemarketing) «BOE» núm. 165, de 12 de julio de 2017)".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro no acordo de adxudicación derivado da memoria xustificativa ao indicar *"ata un importe máximo de 6.746,52 euros (IVE engadido)"*, en lugar de indicar, *"ata un importe máximo de 6.746,52 euros (sen IVE)"*, para axeitarse así tanto ao orzamento presentado polo licitador adxudicatario como ao convenio de aplicación.

En consecuencia, o acordo debería quedar redactado como segue:

"1º.- Adxudicación do contrato de prestación de servizo de información cidadá 010 os sábados, domingos e festivos en horario de 08.00h a 20.00h, para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19, á empresa GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP. As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do presente contrato é a prestación de servizo de información cidadá 010 os sábados, domingos e festivos en horario de 08.00h a 20.00h, para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19
- O prezo/hora segundo o II Convenio colectivo de ámbito estatal del sector de contact center (antes telemarketing) («BOE» núm. 165, de 12 de julio de 2017) é de:
 - Responsable do servizo: 23,25 €/hora extra sábado
 - Teleoperador/a especialista: 16,41 €/hora extra sábado
 - Teleoperador/a especialista: 19,75 €/hora extra domingo
 - Teleoperador/a especialista: 33,40 €/hora extra festivo
- Forma de pago: o prezo aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura.
- O prazo de execución comezará o día de adxudicación do contrato e rematará cando finalice a crise sanitaria xerada polo COVID-19 ou ben transcorridos 3 meses a contar dende o inicio do contrato, ata un importe máximo de 6.746,52 euros (sen IVE).
- Neste contrato, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.
- As características técnicas serán as recollidas no prego de prescricións técnicas incorporado ao expediente 3574-321 de "SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010".

2º.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 9240 2279902 do estado de gastos do vixente orzamento municipal, do crédito necesario para facer fronte ao gasto que se deriva do presente expediente".

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión do 24 de abril de 2020 que quedará redactado como segue:

"1º.- Adxudicación do contrato de prestación de servizo de información cidadá 010 os sábados, domingos e festivos en horario de 08.00h a 20.00h, para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19, á empresa GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL, aplicando a tramitación de



Concello de Vigo

emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP. As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do presente contrato é a prestación de servizo de información cidadá 010 os sábados, domingos e festivos en horario de 08.00h a 20.00h, para atender ás necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19
- O prezo/hora segundo o II Convenio colectivo de ámbito estatal del sector de contact center (antes telemarketing) («BOE» núm. 165, de 12 de julio de 2017) é de:
 - Responsable do servizo: 23,25 €/hora extra sábado
 - Teleoperador/a especialista: 16,41 €/hora extra sábado
 - Teleoperador/a especialista: 19,75 €/hora extra domingo
 - Teleoperador/a especialista: 33,40 €/hora extra festivo
- Forma de pago: o prezo aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura.
- O prazo de execución comezará o día de adxudicación do contrato e rematará cando finalice a crise sanitaria xerada polo COVID-19 ou ben transcorridos 3 meses a contar dende o inicio do contrato, ata un importe máximo de 6.746,52 euros (sen IVE).
- Neste contrato, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.
- As características técnicas serán as recollidas no prego de prescricións técnicas incorporado ao expediente 3574-321 de "SERVIZO DE INFORMACIÓN CIADADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010".

2º.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 9240 2279902 do estado de gastos do vixente orzamento municipal, do crédito necesario para facer fronte ao gasto que se deriva do presente expediente".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(567).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 99/2020 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 12887/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“Tomar razón da resolución nº 99/2020 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 96/2020, interposto por D. XOSÉ LOIS ROMÁN RODRÍGUEZ, contra os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a “Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais”, expediente 12887-446. Na resolución o TACGAL inadmi- te o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“1. Inadmitir o recurso interposto por D. XOSÉ LOIS ROMÁN RODRÍGUEZ, co carácter de delegado de persoal, contra os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a “Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais”, expediente 12887-446 licitado polo Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

23(568).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez